



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN MUNICIPAL, O DÍA 24 DE SETEMBRO DO ANO
2018.**

Membros que asisten:

Alcalde-presidente: Manuel Santos Ruiz Rivas (grupo m. P.P.)

- María Herminia Pouso Maneiro. (grupo m. P.P.)
- Manuel Emilio Pérez Outeiral. (grupo m. P.P.)
- Elvira Pereira Ageitos. (grupo m. P.P.)
- María Esther Patiño Rey (grupo m. P.P.)
- Víctor Reiriz Lampón. (grupo m. P.P.)
- Anxo Orellán Fernández. (grupo m. P.P.)
- Antonio Javier Jesús Freire Brión (grupo m. P.P.)

- Xosé Antonio Vázquez Cobas. (grupo m.BNG)
- Luís Antonio Pérez Barral. (grupo m. BNG)
- Pilar Sampedro Laranga. (grupo m. BNG)
- Elvira Blanco Pérez. (grupo m. BNG)

- José Manuel Vilas Alvarez (grupo m. PSdeG-PSOE)
- María de la Almudena Basoco Mariño (grupo m. PSdeG-PSOE)
- Manuel Antonio García Pérez (grupo m. PSdeG-PSOE)

- José Manuel Cardalda Novo (grupo m. Cs)

- María Rosa Natividad García Pose (grupo m. IPdeR)
- Juan Manuel Reiriz Lampón (grupo m. IPdeR)

- Asier Casais Alvarez (Concelleiro non adscrito).

- María José Brión Díaz (Concelleira non adscrita). (Auséntase no punto 17).

- María Dolores Elorduy Callón. (Concelleira non adscrita). (Auséntase no punto 12. Incorporase no punto 13. Auséntase no punto 16 e xa non se reincorpora.).

Asiste o interventor en funcións do concello: Jorge González Mariño.

Asiste o secretario xeral do concello: Juan Manuel Salguero del Valle.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Riveira, sendo as **vinte horas do lúns 24 de setembro de 2018** (previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde o 19-09-2018) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde os membros do Pleno enumerados, e coa asistencia do secretario xeral que suscribe e da fe.

Ábrese a sesión pola presidencia ás vinte horas, e pásase a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO 26 DE XUÑO DE 2018 (DEBATE ESTADO DA CIDADE).

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno da sesión extraordinaria celebrada o 26 de xuño de 2018.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Riveira, o Sr. Alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión extraordinaria do día 26 de xuño de 2018.**

Non hai votación expresa.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos seus membros, sen que se produzan observacións nin manifestacións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

Resulta aprobada por unanimidade dos seus membros esta acta do pleno:

-Acta do Pleno da sesión extraordinaria celebrada o 26 de xuño de 2018.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO 30 DE XULLO DE 2018.

Preséntase para aprobación esta acta:





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

-Acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2018.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Riveira, o Sr. Alcalde-presidente pregunta ós/as Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión ordinaria do día 30 de xullo de 2018.**

Aberto o debate, desenvólvese así:

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) di: na páxina 57 onde di “desde o grupo Socialista estamos dacordo en que si existe un importe dunha fianza para a realización de obras de remate e acondicionamiento das rúas, tanto de Lugo como de Correos, que se proceda á infracción da fianza...”, debe decir: “desde o grupo Socialista estamos dacordo en que si existe imposta unha fianza para a realización de obras de remate e acondicionamiento das rúas, tanto de Lugo como de Correos, que se proceda á incoacción da fianza...”.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que si non hai que matizar nada mais, *queda aprobada a acta coa corrección correspondente.*

Non hai votación expresa.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que se aproba a acta por unanimidade dos seus membros, sen que se produzan observacións nin manifestacións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

Resulta aprobada por unanimidade dos seus membros esta acta do pleno:

-Acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2018.

3.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO 16 DE AGOSTO DE 2018.

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno da sesión extraordinaria celebrada o 16 de agosto de 2018.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Riveira, o Sr. Alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión extraordinaria do día 16 de agosto de 2018.**

Non hai votación expresa.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos seus membros, sen que se produzan observacións nin manifestacións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

Resulta aprobada por unanimidade dos seus membros esta acta do pleno:

-Acta do Pleno da sesión extraordinaria celebrada o 16 de agosto de 2018.

4.-APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, CONTA XERAL 2017.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que como ven saben, como ven sendo necesario e habitual, pois, dar a aprobación da conta xeral do ano 2017. A conta xeral como ben saben ten a súa connotación no debate sobre política, en realidade é un documento Técnico, documento que se adscriben os Técnicos municipais e que ten como único contido, pois, verificar que as contas do Concello coinciden fiel e verazmente có que se presenta e có que se lle da a tódolos concelleiros.

Nese sentido creo que xa foi comentado suficientemente e creo, sinceramente, que desa conta xeral e do que é o trato dos números, eu creo que hai unha importante xestión no que é, evidentemente, a execución presupuestaria cás dificultades que vimos notando e que se manifestan mais que nada no que é a nova lei de contratos, no que é a execución do capítulo VI, que definitivamente sempre se ven gastando todo o consignado se non é no seu momento é a través de incorporacións voluntarias de remanente e outras.

Dito eso, como ben saben o resultado orzamentario superou os 4.300.000, e houbo un resultado axustado de 3.400.000, e o remanente de tesorería unha vez que para gastos xerais, unha vez que se exclúe o dudoso cobro sigue sendo de 7.352.000; os fondos líquidos a finais do exercicio superou os 10 millóns, 10.400.000, có cal ven a recuperar niveles que tivemos no seu momento, e dito eso, saben perfectamente que con ese remanente se amortizaron deudas por valor

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 4 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

prácticamente de 2 millóns e se executaron 1.700.000 en inversión. Nestos momentos, eso permite dicir que o nivel de endeudamento do Concello é o máis baixo, pois, practicamente en relación ao presuposto desde que os Concellos existen democráticamente é o único que sempre ten que levantar en algún momento o Alcalde, reparos, reparos en algún caso que nos gustaría que non existiran pero todos somos conscientes da carga de traballo que existe neste Concello, que moitas veces fai que algunha das cuestións que teñen demandado de emprego todavía non se puideran levar a cabo, pero espero que puidera ser o máis axiña posible.

En todo caso, son gastos inexcusables como pode ser a carteira, como pode ser a atención a domicilio, ou como poden ser deportes, todos eles suficientemente acreditados. Nalgún caso tamén pago por gratificacións.

Visto o expediente tramitado obrante na sesión.

Visto o informe do Interventor Pablo Bao Castro de data 7 de agosto de 2018, “Informe de Intervención á Conta Xeral do exercicio 2017 do Concello de Riveira”, que consta no expediente na sesión.

Visto o informe do Tesoureiro José Antonio Rueda de Valenzuela de data 7 de agosto de 2018, asunto: “Informe. Memoria de Tesourería. Exercicio 2017. Informe 98/18.”, que consta no expediente na sesión.

Visto o informe do Secretario Xeral Juan Manuel Salguero del Valle, asunto: “Informe de Secretaría ditame conta xeral 2017”, de data 07 de agosto de 2018, que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen favorable da Comisión informativa de Facenda, Economía e Patrimonio e Especial de Contas (Comisión especial de contas) de 10 de agosto de 2018, que consta no expediente na sesión.

Vista a proposta da Alcaldía, asunto: “Expediente: Aprobación Conta Xeral 2017”, de data 14 de setembro de 2017, que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen da Comisión informativa de Facenda, Economía e Patrimonio e Especial de Contas de 18 de setembro de 2018, que consta no expediente na sesión.

Aberto o debate, desenvólvese así:

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) di: IPdeR vai a aprobar a conta xeral porque ao longo destes anos hemos aprendido que é un





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/ Secretaría Xeral/ Juan Manuel Salguero del Valle

documento, e entendemos que é un documento que é obrigatorio presentar e cós informes favorables dos Técnicos, é un pouco de aporte xurídico nese sentido, agora ben, Sr. Alcalde, eu quixera facer dous recordos porque creo que son necesarios e ano tras ano aparecen aquí reflexados, e eso realmente así como nos estamos adaptando a moitas normas e novas leis porque non hai mais remedio, pois, aquí hai que facer un esforzo; un é o dos reparos, a min gustárame antes de deixar a vida política ver que non ven mais reparos aos plenos porque creo que é unha obrigación, outra Sr. Alcalde, é as facturas de dudoso cobro.

IPdeR moitas veces púxose a disposición, tanto de Intervención como do equipo de Goberno, para buscar unha fórmula legal para que desaparecieran dunha vez, estas facturas de dudoso cobro. Se tarda moito en saber que veñen arrastradas dun ano para outro e parece que non se cobra porque hai insumisos fiscais, cando a veces nós facémolles o seguimento e moitas son de fai 15- 16 anos e nin se sabe quen é o que está realmente ou si vive, polo tanto, Sr. Alcalde, a nós nos gustaría que non tome en vano a proposta de buscar unha solución legal para que desaparezan dunha vez por todas, polo demais, como vexo que os informes son favorables, según os Técnicos cumpren coa lei vixente, non temos mais que decir.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que os reparos eu creo que practicamente non hai ningún novo; eu creo que o mesmo interés que ten o Alcalde e a Corporación, teno tamén todo o funcionariado, en intentar sacar adiante, pois, algún dos que quizá mais nos preocupa a todos, como pode ser o de atención domiciliaria, que por certo có incremento do 25%, xa nos movemos no entorno dos 600.000 euros anuais e creo que para toda a casa, e cando digo toda a casa me refiero a todo o estamento funcional e político, pois, esa é cando menos unha prioridade.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: doce (12) votos (oito votos dos concelleiros do grupo m. PP, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e un voto da concelleira non adscrita Mª José Brión Díaz).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: nove (9) (catro dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, e dúas dos concelleiros non adscritos Mª Dolores Elorduy Callón e Asier Casais Alvarez).

Resulta aprobado, por maioría absoluta dos seus membros.

O Pleno da Corporación Municipal, visto o expediente tramitado; visto o informe do Interventor Pablo Bao Castro de data 7 de agosto de 2018, "Informe de

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 6 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Intervención á Conta Xeral do exercicio 2017 do Concello de Riveira”; visto o informe do Tesoureiro José Antonio Rueda de Valenzuela de data 7 de agosto de 2018, asunto: “Informe. Memoria de Tesourería. Exercicio 2017. Informe 98/18.”; visto o informe do Secretario Xeral Juan Manuel Salguero del Valle, asunto: “Informe de Secretaría ditame conta xeral 2017”, de data 07 de agosto de 2018; visto o dictamen favorable da Comisión informativa de Facenda, Economía e Patrimonio e Especial de Contas (Comisión especial de contas) de 10 de agosto de 2018; vista a proposta da Alcaldía, asunto: “Expediente: Aprobación Conta Xeral 2017”, de data 14 de setembro de 2018; e o dictamen da Comisión informativa de Facenda, Economía e Patrimonio e Especial de Contas de 18 de setembro de 2018, por maioría absoluta dos seus membros; **acorda:**

CONSIDERANDO que o Titular da Intervención Municipal de fondos procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2017, xuntamente con toda a súa documentación anexa ao mesmo.

CONSIDERANDO rematados os devanditos traballos e obtida a documentación correspondente, tanto a Intervención municipal como a Tesourería Municipal procederon a emitir en data 7 de agosto de 2018 os correspondentes informes en relación á aprobación da Conta Xeral.

CONSIDERANDO que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas deste Concello en sesión celebrada en data 10 de agosto de 2018 emitiu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta corporación relativo ao exercicio 2017.

CONSIDERANDO que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 156 de 17 de agosto de 2018 e no taboleiro de anuncios da Corporación a Conta Xeral –xuntamente co informe de devandita comisión- foron obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

CONSIDERANDO que de conformidade co contido da certificación librada polo Secretario Xeral da Corporación, durante o prazo de exposición ao público de devandita Conta, e oito máis, non se presentaron alegacións.

Visto o anterior, o Pleno da Corporación Municipal adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Considerar aprobada de xeito definitivo a Conta Xeral do Concello de Riveira, exercicio 2017, nos termos que obran no expediente.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Consello de Contas e Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

**5.- CORRECCIÓN DE ERROS, DENOMINACIÓN
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE RIVEIRA
“ENRIQUE PAISAL”.**

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que, simplemente, pola nomenclatura que ten a Xunta de Galicia, pois, por parte do personal do Conservatorio se nos requeriu que se conserve o nome de Conservatorio Profesional de Música de Riveira, e entón, é onde se pode engadir o nome de “Enrique Paisal”, que é quen ata agora vai a ir adicado, pero tamén a parte desto, nas dúas próximas semanas podamos facer dous dos actos previstos, que é a praza que adicamos nas Carolinas a “Xoan Fernández”, e a do Conservatorio de Aguiño ao maestro “Ayaso”, pois, falando con él prefiere que o retrasemos un pouquiño, porque está traballando nunha obra interesante e quería dala a coñecer no seu momento.

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Vista a proposta de Alcaldía, “Asunto: Corrección de erros. Denominación “Conservatorio Profesional de Música de Riveira “Enrique Paisal””, de data 14 de setembro de 2018, que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen favorable da Comisión informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de 18 de setembro de 2018, que consta no expediente na sesión.

Non se promove debate nin hai intervencións.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 8 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

-Votos a favor: vineteun (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.

O Pleno da Corporación Municipal, visto o expediente tramitado; vista a proposta de Alcaldía, ""Asunto: Corrección de erros. Denominación "Conservatorio Profesional de Música de Riveira "Enrique Paisal"", de data 14 de setembro de 2018; e o dictamen favorable da Comisión informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de 18 de setembro de 2018, por unanimidade dos seus membros; **acorda:**

VISTO o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na Sesión Ordinaria de 29 de xaneiro de 2018 sobre "aprobación denominación do Conservatorio de Música de Riveira como "**Conservatorio de Música Enrique Paisal**".

VISTO que a denominación correcta debería ser... **CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE RIVEIRA "ENRIQUE PAISAL"**, e

CONSIDERANDO que de acordo co **artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas...** "*Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos*".

Visto o anterior, o Pleno da Corporación Municipal adopta os seguintes acordos:

Primeiro: -Correxir o erro da denominación do Conservatorio de Música de Riveira, establecendo como denominación correcta "**CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE RIVEIRA "ENRIQUE PAISAL"**".

Segundo: -Difundir e publicalo presente acordo para xeral coñecemento.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

**6.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS
(TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS N°10/2018).**

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que o expediente de modificación de crédito é moi sinxelo de explicar. É correspondente a 60.000 €, de donde veñen os ingresos son de dúas partidas que por diversas causas, pois, non se puido gastar na totalidade delas como estaba prevista; unha é o personal temporal de Medio Ambiente, que foron os socorristas, había para 40 prazas, solo se cubriron 29 e, polo tanto, ahí quedou un remanente de 11 prazas que por falta de xente non se puideron cubrir, por un total de 35.000 euros; e o Plan de fomento do transporte público, ao final se retrasou mais do que queríamos, faltaba un permiso da Xunta, faltaba algún autobús que tiñan que facer, pois, o que eran os trámites para que as máquinas funcionaran correctamente. Nestos momentos, xa está todo correctamente, xa se lle mandou cartas ao que son as AMPAS con respecto a ese transporte que tamén é subvencionado, e con respecto ao resto do transporte, xa se vai facer a campaña pública para que poda empezar o día 1, e ahí ao non poder cumprir os 6 meses, tamén quedou un remanente de 25.000 €. ¿En qué se quere dedicar?, pois, en organización de actividades de xuventude. Son actividades basicamente dirixidas a un grupo de idade de 14 e 17 anos, que é un grupo bastante complicado, moitas veces de que atendan a calquer chamada do público e que se vai a celebrar tódolos fins de semana nunha programación que si non teñen toda no seu poder se lles da no momento en que a requiran.

As actividades culturais, pois, exactamente igual, houbo unha serie de cuestións que poden quedar sin fondos para o que resta de ano debido á gran actividade que houbo este verano, debido a festexos tamén, de parroquias que dividiron o que é as suas celebracións e, polo tanto, para que os gastos podan ser cumpridos e non ter que recurrir a ningún outro tipo de expediente como a conta 4.13, pois, se opta por aquí.

O resto en turismo, turismo todavía quedan algunhas cuestións nas que temos que incidir, precisamente hoxe o tema da Deputación e do Plan que temos que facer de arqueoloxía e esas son, pois, as razóns de donde se necesita esos importes e de donde se detraen.

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Visto o informe emitido na data 13 de setembro de 2018 polo Interventor Pablo Bao Castro. "Asunto: Aprobación inicial transferencia de crédito 10/2018"; que consta no expediente na sesión.

Vista a proposta de Alcaldía de data 13 de setembro de 2018, que consta no expediente na sesión.

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 10 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Visto o dictamen da Comisión informativa de Facenda, Economía e Patrimonio e Especial de Contas de 18 de setembro de 2018, que consta no expediente na sesión.

Aberto o debate, desenvólvese así:

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) di: nós o que queríamos saber porque é algo que pregunta a xente, que estamos facendo, porque si nunhas partidas non se gastan todos os cartos e se poden pasar a outras que como ben declara nos informes sí pódese facer, ¿cal foi o motivo para que non houbera os socorristas cando se crearon as prazas?

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que o motivo é moi fácil, é dicir, nestos momentos, fai varios anos a Xunta cambiou a fórmula para poder acceder ao que é esa titulación; é unha titulación que sale relativamente cara, supera os 1.000 euros, e normalmente o perfil da xente que viña aquí, era un perfil de xente que solo traballaba no verano, en moitos casos, estudantes, e lóxicamente unha vez que van encontrando traballo, xa non volven a presentarse e os que siguen estudando, pois, non poden pagar 1.000 ou 2.000 euros para sacar a titulación, e resulta que foi un mal, que non é deste Concello é absolutamente de tódolos concellos, eu creo que o de Riveira foi con moito o que máis cubriu as expectativas de monitores.

O que para o ano faremos, seguramente en praias de interior, é dicir, dende a Catía á Corna, é si non se soluciona o tema das titulacións, pois, intentar meter o que son auxiliares de enfermería, xente que teña primeiros auxilios para que podan acompañar en Coroso, nesas praias aos socorristas, onde basicamente as incidencias que hai é unha picadura de faneca, unha caída nunha pedra, este tipo de cuestións das que pode axudar a que na praia, pois, a xente esté atendida.

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. C,s) di: el grupo municipal de Ciudadanos consideramos que una de las prioridades del Gobierno local debe ser mantener la seguridad de las personas, situación que no se ha dado durante este verano, que en las playas hubo un déficit de socorristas importante; nosotros tenemos otra cifra que Vd., nos dijo 29, la cifra que nosotros tenemos es de 40, la diferencia es muy grande.

De todas formas, desde Ciudadanos consideramos que no se puede ahorrar dinero a costa de la seguridad de las personas, por lo que proponemos utilizar el dinero sobrante de esa remesa para formar a nuevos socorristas para que el próximo verano no se produzca lo mismo y se pueda mantener la seguridad de todas las playas del municipio.

Por todo lo expuesto, el grupo municipal de Ciudadanos va a votar en contra de esta moción.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que simplemente quero dicir que non é posible o que vostede di, é dicir, primeiro porque os cursos son homologados pola Academia Galega, non os pode directamente organizar o Concello.

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. C,s) di: nós non estamos decindo que os organice, estamos decindo que os subvencione.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que os subvencione a quen se queira apuntar?. É un problema da Xunta de Galicia non do Concello, oxalá houbera algún Concello que o cubrira, é dicir, que unha persona, como seleccionamos a subvención á xente que se queira apuntar?. Si a Xunta nos permitira a nós organizar eso, si que o organizaríamos e non é que se subvencionara e que sería moito mais barato, como se facía antaño, pero a día de hoxe, eso non é posible.

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: desde o partido Socialista solicitamos unha explicación da modificación das bases.

Os fondos para a contratación de socorristas descrito como “personal laboral temporal de medio ambiente”, poderían destinarse á prevención e defensa contra incendios forestais coa xestión da biomasa dos terrenos e montes do Concello, daccordo co convenio da cesión do Concello de Riveira coa Xunta de Galicia, FEGAMP e Seaga.

Despois tamén queríamos comentar, o Plan de fomento do transporte público porque non se puxo antes en funcionamento?. Tamén queríamos saber porque non queda en remanente este diñeiro. E outra tamén, cales van a ser, en qué van a consistir a organización das actividades previstas en cultura e xuventude e turismo?, e desexamos un desglose polo miúdo.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que remanente non queda nada, cando se dan as contas, pois, se mira si os gastos foron superiores aos ingresos, ahí da unha cuantía, simplemente eso non se podía gastar hasta que o ano que ven se puidera, unha vez que dera si da positivo como ven dando incorporar, pero o que se fai é que eso se perde, entón o que se está facendo é non se puido utilizar polo que eu lle expliquei, basicamente foi por esas dúas cuestións: unha técnica da empresa con respecto ao que eran as tarxetas e as máquinas que tiña que meter e, outra, por un permiso que estivo esperando da Xunta que chegou cando eu lle comuniquéi, creo que aproximadamente fai 2 semanas; entón, eses cartos si non se cambian agora a outra partida, esta Corporación xa non os vai a ver, entón, é unha pena que habendo necesidades que eu lle expuxen en tódalas outras partidas, que ademais é moito mais claro que se traía a pleno e teñan coñecemento de cales son esas modificacións e non deixalo perder, e non simplemente non gastalos porque ao final o que estamos decíndolle é onde as partidas podemos ter problemas a final de ano, e xa ve que o incremento é un incremento relativamente pequeno en cada unha delas porque eu non sei o que ten cultura, igual 300.000 € no total, e hai un incremento de 20.000; en turismo estamos falando de algo similar, e entón, eso é o que motiva esta transferencia de crédito e que o decida o pleno.

As actividades concretas despois llas dirá a concelleira na súa, pero as actividades de xuventude eu creo que xa as teñen todos e son como antes lles decía no mercado municipal unha serie de cursos que se van a dar precisamente de formación para ese grupo de idade, algúns deles de memoria eu sei que teñen dende audiovisual, que teñen outros que son culturais, bueno, en definitiva, llos pode pasar directamente a responsable pero é para desenrolar esas actividades no fin de semana en xuventude ao longo deste ano; en turismo o que lles decía, algunhas





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

partidas que quedaron escasas, a feira de Valladolid que queda, queda programar tamén esa axuda da Deputación e coordinar con actividades do Concello, como hoxe mesmo estábamos mirando para ver de que forma podíamos limpar e arranxar o camiño ao Castro da Cidade, saben que está agora bastante complicado para a xente e un pouco por buscarlle accesibilidade, entre outras, pero en definitiva son aqueles departamentos que van moi axustados a esta altura do ano.

O concelleiro Luis Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG) di: dende o BNG consideramos que con este punto o Goberno o que intenta é ocultar unha mala xestión no que se refire ao servizo de socorrismo pero, sobre todo, tamén ao que se refire ao servizo de implementación dun plan de transporte público.

No grupo municipal do BNG nunca nos imos opoñer a que se destinen mais partidas para cultura, turismo ou o departamento de xuventude, sendo esta última área a que adoce dunha boa cobertura orzamentaria, dunha boa planificación durante todo o ano. Ademais cremos que o PP non aposta nada pola área de xuventude, e estamos vendo que este ano cadra un ano preelectoral, hai que facer cousas para que a xente moza vexa que tamén se ten en conta, cando nunca foi así, vemos que a área de xuventude, pois, tamén ten eivas importantes non solo este ano senon os anos anteriores tamén as tiña.

Valga isto, o que este grupo tampouco vai facer é comulgar con rodas de muiño, xa que entendemos que o Goberno local intenta vender como evento fondos de cultura, xuventude ou turismo o que ben dixeran antes, unha falta de xestión nas áreas de medio ambiente por implementación dese transporte público, que tanto levamos nós pelexado para que se poña en marcha.

Riveira, precisa dun plan de transporte público, mais non se fixo nada ata o de agora, a pesar de que se prometeu que entraría a funcionar en marzo, despois prometeuse que volvería a entrar en xullo, e agora vemos que hai unha nova data que será a partir de outubro, veremos si é certo.

Polo ben, dos veciños e das veciñas, Sr. Alcalde, xa digo, non podemos apoiar unhas partidas que intentan ser maquillaxe para unha xestión que non foi eficaz. Volvo a reiterar, que nós sempre apoiaremos partidas que melloren as actividades que haxa no departamento de cultura, turismo e xuventude, mais esta non a podemos aprobar.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que solo unha cousa, bueno, unha cousa contradí a outra, pero eso eu non vou a entrar no seu debate que apoia pero que non lle da os cartos para actividades xuvenis; xa lle dixeran que é un grupo de idade que ningún deles vai a votar nas eleccións, polo tanto, electoralista ben pouco, entón, todo o seu razonamiento votado abaixo desde ese momento, actividades dirixidas a ese grupo de idade.

A concelleira Mª Herminia Pouso Maneiro (portavoz do grupo m. PP) di: por parte do grupo Popular proponse unha modificación de créditos, explicouno perfectamente o Alcalde ao inicio do debate deste punto, que consiste precisamente en utilizar eses fondos que quedaron sin utilizar por causas alleas á xestión do Goberno municipal.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Sr. Barral, vostede facía referencia a unha falla de xestión cando non é así, non é falla de xestión do Concello publicar unhas bases para facer unha cobertura de personal de socorrismo e que non haxa, pois, no mercado laboral persoas que demanden eses postos de traballo, afortunadamente, e lle vou dicir porqué afortunadamente, porque todas aquelas persoas, o explicou o Alcalde ao inicio da intervención, que estaban acudindo ao servizo de socorrismo a esas convocatorias de prazas, eran persoas estudantes que no verán puntualmente, pois, iban a traballar nese servizo. Qué ocorre?, que esa xente vai pouco a pouco rematando os seus estudos, y porqué non veñen este ano?, porque están ocupados laboralmente cunhos empregos estables, có cal optan por continuar neses empregos estables que están e non por ir 2 ou 3 meses a traballar ao servizo de praias. Houbo un cambio na normativa e na capacitación profesional de toda esta especialidad.

Facía referencia o Sr. Cardalda a que se utilicen estos fondos para financiar esa formación dos socorristas. Sr. Cardalda, si facemos esa oferta de convocar axudas para formación, estaríamos perdendo igualmente estes cartos, quedarían diluidos nesa remanente sin utilizar, porqué?, porque non imos a chegar a tempo para pagar esas subvencións este ano, polo contra, polo posicionamento que vostedes mostran nas suas intervencións, están realmente mostrando unha total falta de interés en que se leven a cabo as actividades que sí que necesitamos facer; e qué necesitamos facer?, pois, por un lado esas actividades en xuventude, que non é que necesitemos, é que son unhas actividades que realmente están demandadas, sabemos que hai rapaces que os fins de semana están ahí nunha franxa de idade, bueno, pois que non teñen moito a donde ir, digámolo así, e o que se pretende dende o Concello é con esa planificación facer unha oferta de ocio sano e saudable para estas franxas de idade e que os rapaces teñan donde estar.

Vostedes, parece ser que non lles importa que os rapaces estén sin esa oferta de ocio saudable; no, no, Sr. Barral, non diga que non coa cabeza porque o dixo vostede na súa intervención, é dicir, para vostede eso non é importante, nin é prioritario.

Por outra banda, cultura, como ben decía o Sr. Alcalde, tuvo un número considerable de actividade ao longo do ano, a parte desa actividade saben vostedes que novamente retomamos o grupo municipal de teatro. O grupo municipal de teatro que vai estrenar esta nova andaina o vindeiro venres, ao cal, están todos vostedes invitados, vai a ter 100 actuacións fora do Concello de Riveira, esas actuacións hai unhas gastos de desprazamento, hai unhas gastos e lle hai que dar un picoteo, pois, eso témolo que afrontar porque os ingresos que revirten por esa actuación do grupo municipal do teatro, van á Caixa única do Concello que non nos xeneran crédito no estado de gastos das partidas de cultura, có cal eu creo que debemos de ou ben pagar os gastos que se produzan nese desprazamento do grupo ou con motivo deses desprazamentos entre outras cousas, porque hai mais necesidades; e cales son as outras necesidades que temos neste momento ahí que estamos á espera de que nos cheguen?, o que nos factura a Sociedad General de Autores. A Sociedad General de Autores, aquí todos defendemos a creación, pero a verdade é que ten unhas taxas, digamos que un pouquiño altas, e sobre os cachés

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 14 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035
Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

de tódolos artistas logo envían as liquidacións desas taxas, y eso unido ás ocupacións que hai que pagar polo espazo portuario por facer actividades e outra serie de cousas a maiores actividades nas parroquias, nós temos previsto no orzamento que para cada parroquia se contempla unha cuantía de 2.925 € para as actividades de festexos, bueno, pois, resulta que hai parroquias en que non fai unha festa, resulta que fan 3, e como son comisións distintas as que fan as festas, cada comisión que se lle da por organizar unha festa, ven polo Concello para que se lle axude, e que se lle apoie con esa organización, e así, pois, non se pode facer, é dicir, eu estou un pouco desencantada e decepcionada con decirlle a xente, é que dende cultura non che pode axudar con axuda económica, podemosche axudar enviándoche esas fallas, enviándoche esas sinais, cás pequenas cousas que podamos asumir con medios propios pero non con fondos económicos, bueno, pois, están vostedes, que sepan que si se posicionan en contra, están vostedes negando a axuda a todas esas persoas que veñen ao departamento, que veñen ao Concello para pedir axuda para esas actividades.

Sr. Vilas, fai vostede referencia a que se faga unha modificación nas bases de persoal e que esa partida que non se utilizou pola falta de cobertura de socorristas que a destinemos á área de medio ambiente, á área forestal; mire, falaba vostede no tema de prevención de incendios, hai unha cuadrilla funcionando na área de prevención de incendios, pero é mais, si nos poñemos a elaborar bases para a cobertura, facer un proceso selectivo, eu creo que nos dan as navidades, como mínimo mediados de novembro, finais de novembro, cando estaríamos actuando nesa área, creo que chegamos a destempo para esa cuestión, Sr. Vilas.

Eu creo que sobran mais explicación, creo que é simplemente ter interés en entender as cousas. Lle decía o Sr. Alcalde, que ese retraso no plan de transporte público estaba pendiente porque se necesitaban unhas autorizacións da Xunta; sabemos tamén que esa axuda e esa subvención que se da ao transporte público, nós como municipio, non está nas nosas competencias; era precisamente unha demanda, pois, de varios grupos desta Corporación en apostar por ese impulso e apoio do transporte público para darlle, digamos, que mais utilidade, e animar á xente a que se faga usuario dese medio de transporte e que se acostumbre un pouco a deixar os coches na casa por comodidade, por evitar moitas veces andar dando voltas pola cidade e por chegar, digamos tamén, como non, a ter un medio ambiente mais limpo.

Con esta transferencia de crédito, non se incrementa para nada ningún gasto do capítulo II, o orzamento do estado de gastos manteríase exactamente no mesmo importe e nas suas mans está porque, evidentemente, o grupo de Goberno está nunha situación de minoría, en que queiran que se fagan esas actividades de xuventude e que se podan atender esas demandas que están ahí encima da mesa por parte da Asociación de Empresarios e de Comerciales, para facer actividades para o comercio local e tamén que se poidan atender os gastos que están todavía por realizarse da área de cultura como poden ser: actuacións do grupo de teatro, actuacións que ten pendentes a coral municipal, e outras como ben lle decía, de





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

liquidación da Sociedad General de Autores e de outros espacios que non son propiedade municipal.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que o remanente non pode financiar gasto corrente, como ben saben, o remanente o que financia é gasto financeiramente sostenible, é dicir, se incorpora e vai ao capítulo VI, polo tanto, podíamolo facer.

O que dí o Sr. Vilas, non necesitaría vir a pleno, eso valdría perfectamente dentro do mesmo grupo de función que o Alcalde o aprobara, o Alcalde aprobou por poñer un exemplo, xa que o campo de fútbol da Fieiteira, que ten previsto un leasing por 6 meses, e non se sacou a contratación, ahí quedaron os cartos, e como tamén iba para deportes, pois, se aprobou que os clubs deportivos teñan 20.000 € mais, polo tanto, esa é a forma de proceder, non temos nestos momentos necesidades en medio ambiente porque está cuberto a través dos convenios, si o tuvéramos, pois, lóxicamente non lles estaba pedindo que fora para outro lado, eu creo que tódolos gastos donde podemos necesitar explicounos perfectamente a Sra. Pouso, entre eles, algún como ese desfile de modelos que a Asociación de Empresarios fai para vender as bondades que ten o comercio Riveira. Despois, por outra parte, é o 0,2% do que é o presuposto, e non incrementa ningún tipo de gasto corrente, e por último, si efectivamente, de donde sacamos os cartos son un erro ou unha mala xestión, eu o que lle pido é que pense no seu voto porque a quen llo están facendo pagar é aos rapaces de 14 – 17 anos, ao comercio local, estanllo facendo pagar a esas comisións que tanto se esforzan, estanllo facendo pagar, pois, a esas actividades que poden fomentar o turismo, polo tanto, eu non entendo, digamos, a relación dun mal que poda facer o Concello sexa cal sexa, en todo caso, con que o paguen esas actividades, porque senon lóxicamente eu traerei para o próximo pleno, pois, outra modificación de crédito antes de que os cartos queden sin gastar no caixón, e que siga habendo necesidades en todos eses grupos, en todos eses colectivos, polo tanto, eu lles pido de verdade, que reflexionen o que é o seu voto negativo, cando menos unha abstención porque ao final quen o está pagando son os destinatarios e non precisamente o Concello, que é quen según vostedes, cometeu o erro de non gastar eses cartos, cando creo que foi suficientemente explicado.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: once (11) votos (oito votos dos concelleiros do grupo m. PP, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e un voto da concelleira non adscrita M^a José Brión Díaz).

-Votos en contra: oito (8) (catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, e un voto do concelleiro do grupo municipal C,s).

-Abstencións: duas (2) (duas dos concelleiros non adscritos M^a Dolores Elorduy Callón e Asier Casais Alvarez).

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 16 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/ Secretaría Xeral/ Juan Manuel Salguero del Valle

Resulta aprobado, por maioría absoluta dos seus membros.

O Pleno da Corporación Municipal, visto o expediente tramitado; visto o informe emitido na data 13 de setembro de 2018 polo Interventor Pablo Bao Castro. “Asunto: Aprobación inicial transferencia de crédito 10/2018”; vista a proposta de Alcaldía de data 13 de setembro de 2018; e o dictamen da Comisión informativa de Facenda, Economía e Patrimonio e Especial de Contas de 18 de setembro de 2018, por maioría absoluta dos seus membros; **acorda**:

O crédito previsto no orzamento do Concello de Riveira nas áreas de Cultura, Xuventude e Turismo, chegando ao final do exercicio orzamentario, estase a esgotar, non sendo suficiente para a realización das actividades previstas ata fin de ano.

Por outro lado, o Concello contaba con fondos propios para a contratación de socorristas nas praias e para a subvención do plan de fomento do transporte público. Tendo en conta que non se cubriron a totalidade de prazas ofertadas de socorristas, e que o plan de fomento do transporte público aínda non entrou en funcionamento, existe un remanente de crédito que se pretende utilizar para transferir a Cultura, Xuventude e Turismo.

É intención desta Alcaldía efectuar unha transferencia de crédito dende a aplicación mencionada ás aplicacións recollidas no cadro, de acordo co seguinte detalle:

BAIXAS		
PARTIDA	IMPORTE	DESCRIPCION
172.13100	35.000	Persoal laboral temporal medio ambiente
134.47200	25.000	Subvención plan de fomento do transporte público
ALTAS		
PARTIDA	IMPORTE	DESCRIPCION
334.22609	20.000,00	Organización de actividades culturais
337.22699	20.000,00	Organización de actividades xuventude
432.22699	20.000,00	Outros gastos diversos turismo





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Visto o informe de Intervención.

Visto o anterior, o Pleno da Corporación Municipal adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- A aprobación inicial da transferencia de crédito 10/2018, que afecta ás seguintes partidas:

BAIXAS		
PARTIDA	IMPORTE	DESCRIPCION
172.13100	35.000	Persoal laboral temporal medio ambiente
134.47200	25.000	Subvención plan de fomento do transporte público
ALTAS		
PARTIDA	IMPORTE	DESCRIPCION
334.22609	20.000,00	Organización de actividades culturais
337.22699	20.000,00	Organización de actividades xuventude
432.22699	20.000,00	Outros gastos diversos turismo

SEGUNDO.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

TERCEIRO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

7.- MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCION DO ORZAMENTO Nº 25 e 26.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que esto é a solicitude do propio Tesorero que se dan unha serie de gastos, que se limitan ao capítulo II, IV e VI e que básicamente son por algúns gastos que teñen que facer, básicamente, o departamento como o de servicios sociales e que ven suficientemente explicado esas bases e o porqué do seu cambio.

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 18 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





C O N C E L L O
D E
R I V E I R A
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Visto o informe emitido na data 13 de setembro de 2018 polo Interventor Pablo Bao Castro. “Asunto: Modificación das bases nº 25 e 26 de execución do orzamento municipal do ano 2018”; que consta no expediente na sesión.

Vista a proposta de Alcaldía de data 13 de setembro de 2018, que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen da Comisión informativa de Facenda, Economía e Patrimonio e Especial de Contas de 18 de setembro de 2018, que consta no expediente na sesión.

Non se promove debate nin hai intervencións.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteun (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.

O Pleno da Corporación Municipal, visto o expediente tramitado; visto o informe emitido na data 13 de setembro de 2018 polo Interventor Pablo Bao Castro. “Asunto: Modificación das bases nº 25 e 26 de execución do orzamento municipal do ano 2018”; vista a proposta de Alcaldía de data 13 de setembro de 2018; e o dictamen da Comisión informativa de Facenda, Economía e Patrimonio e Especial de Contas de 18 de setembro de 2018, por unanimidade dos seus membros; acorda:

As bases de execución do orzamento nº 25 e 26 regulan, respectivamente, os anticipos de caixa fixa e os pagamentos a xustificar.

Estas figuras do dereito orzamentario teñen como obxectivo flexibilizar a realización de pagamentos cando concorran determinadas circunstancias. A súa definición vén recollida, respectivamente, nos artigos 69 e 73 do Real decreto





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

500/90, de 20 de abril, que desenvolve a Lei de Facendas Locais en materia orzamentaria:

Art. 69.

1. Terán o carácter de «a xustificar» as ordes de pago cuxos documentos xustificativos non se poidan acompañar no momento da súa expedición (art. 171.1 LRHL).

2. As ordes de pago «a xustificar» expediranse en base a resolución da Autoridade competente para autorizar o gasto a que se refiran e aplicaranse aos correspondentes créditos orzamentarios.

3. A expedición de ordes de pago «a xustificar» haberá de acomodarse ao plan de disposición de Fondos da Tesouraría que se estableza polo Presidente da Entidade, salvo no caso de que se trate de paliar as consecuencias de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten directamente á seguridade pública.

Anticipos de caixa fixa:

Art. 73.

1. Para as atencións correntes de carácter periódico ou repetitivo, tales como dietas, gastos de locomoción, material de oficina non inventariable, conservación e outros de similares características, os fondos librados a justificar poderán ter o carácter de anticipos de caixa fixa (artigo 171.3 LRHL).

2. Terán a consideración de anticipos de caixa fixa as provisións de fondos de carácter non orzamentario e permanente que se realicen a pagadurías, caixas e habilitacións para a atención inmediata e posterior aplicación ao Orzamento do ano en que se realicen, dos gastos a que se refire o apartado anterior.

3. As provisións en concepto de anticipos de caixa fixa realizaranse en base a unha resolución ditada pola Autoridade competente para autorizar os pagos e aplicaranse inicialmente ao concepto non orzamentario que, a tal obxecto, determinese.

4. En ningún caso a contía global dos anticipos de caixa fixa poderá exceder da cantidade que, para ese efecto, fixe o Pleno da Entidade.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

De acordo co previsto no artigo 9 do RD 500/90, as bases de execución nº 25 e 26 abordan a regulación destas figuras. Non obstante, a actual redacción destas bases vén presentando diversas incidencias de orde práctica, consistentes no seguinte:

- Pagamentos a xustificar (base 25ª): Actualmente, os pagamentos están limitados ao capítulo 2 do estado de gastos, o que impide o emprego desta ferramenta para dous usos relativamente habituais no funcionamento ordinario do Concello: o pagamento de premios mediante a entrega dun talón ao remate dunha proba deportiva ou dun certame cultural (imputables ao capítulo 4), ou o pagamento aos titulares de bens e dereitos nos procedementos expropiatorios, ou mesmo a adquisición outorgada en escritura pública de inmoables, nos que o pagamento adoita efectuarse mediante a entrega dun talón nominativo con carácter previo ao outorgamento do contrato. En ambos casos, o gasto resulta imputable ao capítulo 6.
- Anticipos de caixa fixa (base 26ª). Ao igual que sucede no caos pagamentos a xustificar, a liberación de anticipos de caixa fixa está limitada agora ao Capítulo 2 do Estado de Gastos, o que impide o seu emprego para a atención inmediata de pequenos pagamentos de carácter asistencial tramitados polo departamento de Servizos Sociais, ou mesmo o funcionamento efectivo das tarxetas monedeiro previstas no artigo 16 da ordenanza reguladora das medidas de apoio ao programa de inclusión social.

Deste xeito, as modificacións que se plantexan consisten, unicamente, na ampliación dos capítulos de gasto nos que resultará posible o emprego destas figuras, nos termos antes indicados.

Vista a conformidade da Tesourería Municipal (aos efectos do previsto nos artigos 172 e 175 do ROF), así como a fiscalización favorable da Intervención,

Visto o anterior, o Pleno da Corporación Municipal adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Base de execución do orzamento nº 25, de xeito que esta pase a reflectir o seguinte detalle:

BASE 25ª.- ORDES DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR.

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 21 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/ Secretaría Xeral/ Juan Manuel Salguero del Valle

Non poderán expedirse ordes de pagamento sen a debida xustificación da obriga á que a mesma se refira.

Non obstante, con carácter excepcional, poderán expedirse ordes de pagamento "a xustificar", que deberán axustarse ás seguintes normas:

- 1. A expedición e execución das ordes de pagamento "a xustificar" deberá efectuarse previa a aprobación polo órgano competente da autorización e disposición do gasto, aportándose informes sobre as circunstancias polas que non se poden acompañar os documentos xustificativos antes da orde de pagamento e informe da Intervención ao respecto.*
- 2. Os fondos librados a xustificar poderán situarse, a disposición da persoa autorizada, en conta corrente bancaria aberta ao efecto, ou ben entregándose en efectivo ao perceptor.*
- 3. Os conceptos orzamentarios aos que son de aplicación as ordes de pagamento "a xustificar" limitanse aos Capítulos II, IV e VI da clasificación económica do Orzamento de Gastos.*
- 4. A xustificación das Ordes de pagamento expedidas con carácter de "a xustificar" deberá efectuarse no prazo de 3 meses dende a súa expedición, non sendo que o ordenador de pagos sinalase un inferior, e en todo caso antes de que finalice o exercicio orzamentario.*
- 5. Os perceptores de fondos librados "a xustificar" deberán render ante a Intervención conta xustificativa dos devanditos gastos, acompañando facturas e documentos que xustifiquen a mesma. A citada conta, xunto coa documentación acreditativa da realización do gasto, e o Informe da Intervención, será sometida á aprobación do Ordeador de Pagamentos.*
- 6. Cando non se xustifique a totalidade dos fondos recibidos procederase ao reintegro dos percibidos en exceso, acompañando á dita conta xustificante do ingreso efectuado.*
- 7. De non se render a conta nos prazos establecidos nesta base, procederase a instruír expediente de alcance contra o perceptor dos devanditos fondos, de conformidade co disposto ao efecto na Lei Xeral Orzamentaria. De igual xeito, procederase polas cantidades non xustificadas nin reintegradas nos prazos establecidos.*
- 8. Só se poderán expedir ordes de pagamento "a xustificar" cando o perceptor non teña pendente de xustificar polo mesmo concepto orzamentario fondos librados con este carácter.*
- 9. Para o seu seguimento contable estarase ao disposto nas normas e criterios contidos na Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro).*

Segundo.- Aprobado inicialmente a modificación da Base de execución do orzamento nº 26, de xeito que esta pase a reflectir o seguinte detalle:

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 22 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

BASE 26ª.- ANTICIPOS DE CAIXA FIXA.

Os fondos librados "a xustificar" con carácter de Anticipos de Caixa Fixa regularanse polas seguintes normas:

- 1. O réxime de anticipos de caixa fixa aplicarase á Tesourería municipal destinándose o importe do mesmo exclusivamente a atender gastos correntes de carácter periódico ou repetitivo tales como material de oficina non inventariable, subministro de produtos perecedeiros tales como alimentación, combustible, material funxible etc., e calquera de similar natureza que sexan imputables aos Capítulos II e IV do Orzamento Xeral de Gastos.*
- 2. Por Resolución da Presidencia, previos informes da Intervención e da Tesourería, poderanse ampliar os servizos aos que se faga extensivo o réxime de anticipos de caixa fixa previsto na presente Base.*
- 3. O anticipo de caixa fixa establecido para a Tesourería municipal non poderá exceder de 1000 euros e, a provisión de fondos realizarase en virtude de Resolución de Alcaldía e previo informe da Intervención.*
- 4. A contía de cada gasto aboado con estes fondos non pode ser superior a 300 euros.*
- 5. A medida que as necesidades de tesourería aconsellen a reposición de fondos, e en todo caso dentro do prazo de tres meses dende a liberación daqueles, o perceptor renderá á Intervención contas dos gastos atendidos no correspondente período co anticipo de caixa fixa. As devanditas contas aprobaranse pola Xunta de Goberno Local.*
- 6. Aprobadas as contas, expediranse ordes de pagamento de reposición de fondos, con aplicación aos conceptos orzamentarios que correspondan coas cantidades xustificadas.*
- 7. Os fondos non invertidos que, ao final do exercicio estean en poder do habilitado perceptor dos mesmos, utilizaranse por este no novo exercicio para as mesmas atencións para as que se concedeu.*

Para o seguimento contable dos anticipos de caixa fixa estarase ao disposto nas normas e criterios contidos na Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro) ”.

Terceiro.- Publicar no Boletín oficial da provincia un anuncio que dea conta da adopción destes acordos, dando inicio con elo á exposición pública do expediente, por espazo de quince días hábiles.

8.- APLICACIÓN DO RÉXIME DE ILT AOS EMPREGOS/AS PÚBLICOS/AS DO CONCELLO DE RIVEIRA A PARTIR DA ENTRADA EN VIGOR DA LEI 6/2018, DE 3 DE XULLO, DE ORZAMENTOS XERAIS

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 23 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

**DO ESTADO PARA O ANO 2018. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE
PROCEDAN.**

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que saben que nun momento de contexto de crisis, aprobouse por parte do Goberno unha serie de acordos que tiñan que ver cá paga en caso de baixa. Este é un tema de acordo, e mantido as conversas necesarias cós representantes dos traballadores, o que pretendemos é recuperar eses créditos que tiñan e, polo tanto, se poda levar a cabo nas condicións practicamente que se viñan facendo.

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Visto o informe emitido na data 11 de setembro de 2018 polo Secretario Xeral Juan Manuel Salguero del Valle. "Asunto: Aplicación del régimen de ILT a los empleados públicos de Riveira a partir de la entrada en vigor de la Ley 6/2018, de 3 de julio, de presupuestos generales del Estado para el año 2018"; que consta no expediente na sesión.

Vista a proposta de Alcaldía de data 11 de setembro de 2018, "asunto: Aplicación del régimen de ILT a los empleados públicos de Riveira a partir de la entrada en vigor de la Ley 6/2018, de 3 de julio, de presupuestos generales del Estado para el año 2018"; que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen da Comisión informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de 18 de setembro de 2018, que consta no expediente na sesión.

Aberto o debate, desenvólvese así:

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) di: IPdeR apoia isto, parécelle inxusto cando se aplicou isto, aínda que reconece que moitas veces para evitar ese sentismo laboral de 3, 4 días podía estar ben, pero tamén sabemos que realmente hai baixas por enfermidades largas e dolorosas e esta xente defende os seus dereitos ganados, a recuperar o que era deles cando entraron e aprobaron os postos á Administración.

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) di: nós imos a mostrarnos tamén a favor dacordo na aplicación do réxime de ILT aos empregados públicos do Concello de Riveira a partir da entrada en vigor da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2018; recollendo os 6 puntos da proposta de acordo, incluído o 3º punto.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) di: cando se fixo isto nós manifestámonos en contra, e agora nos parabenizamos de que os traballadores deste Concello podan recuperar os seus dereitos que nunca lles deberon ser retirados. Nós imos a votar a favor.

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 24 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.

O Pleno da Corporación Municipal, visto o expediente tramitado; visto o informe emitido na data 11 de setembro de 2018 polo Secretario Xeral Juan Manuel Salguero del Valle. “Asunto: Aplicación del régimen de ILT a los empleados públicos de Riveira a partir de la entrada en vigor de la Ley 6/2018, de 3 de julio, de presupuestos generales del Estado para el año 2018”; vista a proposta de Alcaldía de data 11 de setembro de 2018, “asunto: Aplicación del régimen de ILT a los empleados públicos de Riveira a partir de la entrada en vigor de la Ley 6/2018, de 3 de julio, de presupuestos generales del Estado para el año 2018”; e o dictamen da Comisión informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de 18 de setembro de 2018, por unanimidade dos seus membros; **acorda:**

VISTA a nova regulación da situación de IT prevista na **Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.**

VISTO o informe emitido polo Sr. secretario Xeral da Corporación con data 11 de setembro de 2018.

Visto o anterior, o Pleno da Corporación Municipal adopta os seguintes acordos:

Primeiro:- Recoñecer para todos/as os/as empregado/as públicos/as do Concello de Riveira e os seus organismos dependentes o réxime de prestación económica en situación de IT regulado na Disposición Adicional Quincuaxésima Cuarta da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, é dicir, unha complementación desde o primeiro día de IT que, sumado á prestación





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

do Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance ata un máximo do 100% dos seus retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

Segundo:- De acordo co disposto na Disposición adicional quincuaxésima cuarta, apartado 2º, a medida á que se refire o apartado anterior do presente acordo o será para casos de contingencias profesionais e, accidentes de traballo así como os que afecten á muller gestante, con independencia do número que acontezan, posto que todos eles deberán ter necesariamente o trato máis favorable dos acordados pola Administración respectiva.

No suposto de enfermidades comúns o será para as dúas primeiras primeiras situacións de IT que por cada traballador/a acontezan en cada exercicio presupuestario pola mesma causa. A partir da terceira será de aplicación o réxime anterior previsto no Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade.

Exceptúanse do anterior, os supostos previstos nas bases de execución do orzamento (hospitalización, intervención quirúrgica IT por enfermidade relacionada coas discapacidades recoñecidas cun grado igual ou superior ao 33% e enfermidades graves establecidas no anexo do Real Decreto 1148/2011 de 29 de Xullo.?), nos que o complemento xa é do 100%.

Terceiro:- Sen prexuízo do anterior, que se inicien os trámites para deseñar un plan de control do absentismo, que deberá ser obxecto de difusión pública, a través do respectivo Portal de Transparencia. En devandito portal serán igualmente obxecto de publicación os datos de absentismo, clasificados pola súa causa, cunha periodicidad polo menos semestral.

Cuarto:- Establecer como data de entrada en vigor do citado réxime a da adopción do presente acordo por parte do Pleno da Corporación.

Quinto:- En todo o que non se opoña a esta proposta seguirase aplicando a base nº 45 de execución do orzamento.

Sexto:- Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

**9.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN
ORDENANZA MUNICIPAL DE LIMPEZA. ADOPCIÓN DOS ACORDOS
QUE PROCEDAN.**

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 26 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035
Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que propón dous cambios, en síntesis é explicar, estos son cambios que consideramos necesarios e urxentes. Saben todos que pola Edusi, unha das actividades ou actuacións que vamos a levar para adiante é a nova Ordenanza de Residuos, todo o seu mais amplo contido, pero nos parecía que hai unha serie de cuestións que non incidindo nese cambio xeral, sí tiñámolas que facer para mellorar o que é a limpeza.

Básicamente son dúas cuestións; unha é un paso intermedio ao que seguramente na nova Ordenanza se vai a facer, que a basura non se poda depositar antes das 6 da tarde, có cal se evita moitos rebotes pero, sobre todo, se evita en verán, pois, que alí sobre todo os residuos orgánicos estén durante moito tempo depositados, que dan olores, molestias aos veciños e, polo tanto, á hora de depositar a basura será a partir das 6 da tarde. E o outro que é algo que xa veñen facendo moitos veciños de Riveira, pero pola súa conta que non é esixido, igual que a Ordenanza obriga aos donos dos cans, a recoller todo o que son as súas defecacións, hai unha cousa que en determinados puntos da cidade, baldeados de día, horas despois, pois, dan un aspecto bastante mellorable, sobre todo, dan olor, que é que a xente considera que un can, perdonando a expresión, mexe na calle é algo habitual ou normal que mexe porque un can necesariamente ten esa función fisiolóxica que levar adiante, o que non é normal, que o dono do can non lle vote un pouco de auga, non lle vote algo para diluir porque precisamente esa acción do can é para evitar olores e inconvenientes ao resto dos usuarios. Entón, é unha norma que moitas cidades ten, e simplemente, que igual que levan unha bolsiña, teñen que levar unha pequena botella ou o que sexa e cando o can en plena vía pública fai esa necesidade, tamén evitar que esa molestia se transmita ao resto do vecindario porque hai rapaces, moitas incidencias que creo que son fáciles de subsanar.

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Vista a proposta de modificación da Ordenanza Municipal de Limpeza emitida na data 13 de setembro de 2018 polo Técnico Municipal de Medio Ambiente Ignacio Luís Fernández Veiga. “Asunto: Modificación Ordenanza de Limpeza”; que consta no expediente na sesión.

Visto o informe emitido na data 13 de setembro de 2018 polo Secretario Xeral Juan Manuel Salguero del Valle. Asunto: Modificación Ordenanza de Limpeza; que consta no expediente na sesión.

Vista a proposta de Alcaldía de data 13 de setembro de 2018, “asunto: Modificación Ordenanza de Limpeza”; que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras,

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 27 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Benestar Social e Medio Ambiente de 18 de setembro de 2018, que consta no expediente na sesión.

Aberto o debate, desenvólvese así:

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) di: aínda que a min me vaia a crear algún problema, nós estamos dispostos a apoiar esto. Nos parece necesario, pero tamén lle teño que dicir varias cousas, Sr. Alcalde, este ano foi un problema gordísimo no paseo de Coroso porque eu non sei que pasou, que pasamos anos sin ver as heces dos cans por alí tiradas e este verán estaba cada dous pasos as que quería ver; pero Sr. Alcalde, mire, si vostede leva o can mais ou menos á altura do García Bayón, hasta que empeza o paseo marítimo de Coroso, encóntrase cunha sola papeleira, si nós queremos que todos cumplamos cá ordenanza de limpeza, hai que poñer mais papeleiras, si o can o fai á altura da Escola Náutico Pesquera, e vai camiño dalá, vai a dar toda a volta si quere hasta Palmeira e volve, que nin nas pasarelas, nin na altura do camping, na explanada no verán aínda hai contenedores pero no resto nunca hai papeleiras, entón, nós temos que esixirlle aos que temos mascotas, pero ao mesmo tempo, darlle facilidades para que eles cumplan.

Tamén hai outra cousa, Sr. Alcalde, eu vou a falar da zona que conozco, hai outras zonas que lles pasa o mesmo, no paseo de Coroso como non vote auga, lexía, ou dese vinagre especial, non se vai a conseguir nada si non se lle fai ben antes unha boa limpeza, os cans marcan o territorio, as mexadas anteriores, claro, e o paseo de Coroso entre farolas, e botes, e esquinas, eso vai a ser imposible, aínda que xa digo que é certo, hai xente que leva as suas mascotas, que leva a sua auga para votarlle encima. Ao mellor, tamén había que ver, Sr. Alcalde, si hai algún produto repelente, que non sea lexía, eu desto non sei pero a empresa da limpeza igual si o sabe, que mezclado ca auga fai que o can rechace facelo alí; polo demais, estamos dispostos a apoialos, pero mais papeleiras Sr. Alcalde, e dende logo, unha limpeza moi profunda para que os cans non marquen o territorio, si non vai a ser bastante difícil.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que recollemos as suas queixas que ademais me parecen realmente atinadas.

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. C,s) di: nós tamén estamos a favor, vamos a aprobar tamén esta modificación da ordenanza; estamos dacordo ca compañeira, e quero aproveitar, non sei si é o momento, por o tema da limpeza tamén que habíamos falado de ter a reunión cá empresa de limpeza o antes posible para que o teña en conta, Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que espero que esta mesma semana puidera ser.

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) di: desde o grupo municipal Socialista imos a mostrarnos a favor da





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

proposta de actuación, por considerar oportuno adecuar a normativa da ordenanza de limpeza aos tempos actuais; pero quixéramos propoñer na modificación do artigo 53, a rebaixa da cuantía da multa da falta leve, poñendo por pronto pago ao 50%, si pode ser.

=====

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) propón unha engádegas na modificación do artigo 53 da Ordenanza Municipal de Limpeza. “a) Para as faltas leves: apercibimento e multa ata 100 €.” Engadir, cunha redución do 50% por pronto pago.

=====

O concelleiro Luís Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG) di: dende o BNG saudamos positivamente a modificación desta Ordenanza para incluír esta obrigação de limpar as heces e ouriños dos animais domésticos.

Entendemos que arredor do municipio non deben ser, si se me permite a expresión, un campo de minas. Dende o BNG instamos a que o Goberno, tamén, unha vez entren en vigor as modificacións que vamos a aprobar, pois, faga o seu labor para que a xente as cumpra; de nada serviría de que aprobemos estas modificacións, estas mudanzas se logo non se fan cumprir.

Creemos que sería conveniente que haxa non só puntualmente senon acotío campañas de sensibilización ou tamén vixilancia especial por parte de membros da Policía Local, incluso que poden ser, pois, membros de paisano.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que si ningún grupo ten inconveniente, a proposta do Sr. Vilas é, igual que se fai cas sancións de tráfico e outras, si non hai recurso e hai un pronto pago que da os 20 primeiros días antes do recurso, me parece que é, pois, entón, habería unha rebaixa do 50%, ou sexa, que sería igual, pero as multas leves, aínda que son ata 100 €, non necesariamente téñense que meter os 100 €, poden ser 20, 30, 40, según poña; de todas formas, me parece correcto e si ningún grupo ten nada en contra, pois, o sometemos coa engádegas do Sr. Vilas.

O Sr. Alcalde somete a votación:

1) Engádegas do Sr. Vilas Álvarez do grupo m. PSdeG-PSOE, relativa ás faltas leves: apercibimento e multa ata 100 €, engadindo “cunha redución





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

do 50% por pronto pago”.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

Votación sobre “Engadir na Proposta “cunha reducción do 50% por pronto pago”.

-Votos a favor: vinteun (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.

Polo tanto:

APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN ORDENANZA MUNICIPAL DE LIMPEZA. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Pleno da Corporación Municipal, visto o expediente tramitado; vista a proposta de modificación da Ordenanza Municipal de Limpeza emitida na data 13 de setembro de 2018 polo Técnico Municipal de Medio Ambiente Ignacio Luís Fernández Veiga. “Asunto: Modificación Ordenanza de Limpeza”; visto o informe emitido na data 13 de setembro de 2018 polo Secretario Xeral Juan Manuel Salguero del Valle. Asunto: Modificación Ordenanza de Limpeza; vista a proposta de Alcaldía de data 13 de setembro de 2018, “asunto: Modificación Ordenanza de Limpeza”; e o dictamen da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de 18 de setembro de 2018, **por unanimidade dos seus membros; acorda:**

ANTECEDENTES

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 7 de xullo de 1992, acordou aprobar definitivamente a *Ordenanza Municipal de Limpeza*.

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 30 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

CONSIDERACIÓNS LEGAIS/TÉCNICAS

O artigo 14 da vixente *Ordenanza Municipal de Limpeza* establece o seguinte: “As persoas que conduzan cans ou outros animais polas vías públicas e espazos públicos, ademais de levalos atados e cumprir os demais requisitos establecidos, deberán impedir que estes depositen as súas dexeccións en calquera lugar destinado ao tránsito de peóns. Para que realicen estas dexeccións deberanos levar á calzada xunto á boca do sumidoiro.

Para o caso de que as dexeccións queden depositadas nas beirarrúas ou outras zonas destinadas ao tránsito peonil, a persoa que conduza o animal está obrigada á súa limpeza inmediata.”

O apartado b) do artigo 27 da *Ordenanza Municipal de Limpeza* establece o seguinte: “b) Nas zonas nas que existan recipientes normalizados os veciños depositarán neles os residuos e o persoal do vehículo colector baleirárala o contido dos recipientes no camiión depositándoos logo onde se encontraban, non correspondéndolle ningunha manipulación dos residuos nin dos recipientes dentro de ningún inmovible de propiedade pública ou privada.”

O apartado f) do punto 2 do artigo 52 da *Ordenanza Municipal de Limpeza* establece o seguinte: “f) Non proceder á limpeza das dexeccións de cans ou outros animais.”

O artigo 53 da *Ordenanza Municipal de Limpeza* establece o seguinte: “1- Sen detrimento de esixir, cando proceda, as responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes, as infraccións aos preceptos do presente Libro en materia de limpeza urbana e residuos sólidos serán sancionados na forma seguinte:

a) Para as faltas leves: *Apercibimento e multa ata 5.000 pesetas.*

b) Para as faltas graves: *Multa de 5.001 a 15.000 pesetas.*

c) Para as faltas moi graves: *Multas de 15.001 a 25.000 pesetas, e nos supostos de reincidencia, imponse sancións previstas na Lei 42/1975, de 19 de novembro, sobre desfeitos e residuos sólidos urbanos.”*

De conformidade co establecido no artigo 25.2.j) da *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local*, compételle ao Municipio a protección da salubridade pública.

PROPOSTA DE ACTUACIÓN

Atendendo a razóns de mellora do benestar colectivo da veciñanza e de mellora das condicións de salubridade pública, propoño que o Pleno do Concello de Riveira teña a ben adoptar o seguinte acordo:

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 31 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018

Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

- Modificar o artigo 14 da *Ordenanza Municipal de Limpeza*, que quedaría redactado do seguinte xeito: “As persoas que conduzan cans ou outros animais polas vías públicas, espazos públicos e espazos privados de uso común, ademais de levalos provistos de correa e collar ou outros elementos de retención, evitando danos ou molestias ás persoas viandantes ou a outros animais (salvo os supostos establecidos no artigo 7.3.b) da Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia), deberán recoller os excrementos que os animais depositen neses lugares. Asemade, os ouriños dos animais deberanse diluír con auga para asegurar a salubridade da vía e espazos públicos, e evitar a degradación do mobiliario urbano.”

- Modificar o apartado b) do artigo 27 da *Ordenanza Municipal de Limpeza*, que quedaría redactado do seguinte xeito: “b) Nas zonas nas que existan recipientes normalizados os veciños depositarán neles os residuos, en horario de 18.00 a 00.00 horas, coa excepción dos residuos correspondentes ás fraccións de recollida selectiva de papel-cartón, envases lixeiros e vidro, que poderán depositarse a calquera hora do día. O persoal do vehículo colector baleirárá o contido dos recipientes no camión depositándoos logo onde se encontraban, non correspondéndolle ningunha manipulación dos residuos nin dos recipientes dentro de ningún inmovble de propiedade pública ou privada.”

- Engadir un apartado ao punto 1 do artigo 52 da *Ordenanza Municipal de Limpeza*, coa seguinte redacción: “l) Depositar o lixo correspondente á fracción resto (residuos orgánicos e outros restos excluídos da recollida selectiva) nos colectores fóra do horario establecido nesta Ordenanza”.

- Modificar o apartado f) do punto 2 do artigo 52 da *Ordenanza Municipal de Limpeza*, que quedaría redactado do seguinte xeito: “f) Non proceder á recollida dos excrementos e/ou á dilución dos ouriños que os cans ou outros animais domésticos depositen nas vías públicas, espazos públicos e espazos privados de uso común.”

- Modificar o artigo 53 da *Ordenanza Municipal de Limpeza*, que quedaría redactado do seguinte xeito: “1- Sen detrimento de esixir, cando proceda, as responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes, as infraccións aos preceptos da presente Ordenanza en materia de limpeza urbana e xestión de residuos municipais serán sancionados na forma seguinte:

- a) Para as faltas leves: apercibimento e multa ata 100 €. (cunha redución do 50% por pronto pago).
- b) Para as faltas graves: Multa de 101 a 300 €.
- c) Para as faltas moi graves: Multas de 301 a 1.000 €.”

PROPOSTA DE ACORDO:

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 32 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

VISTA a proposta de modificación da Ordenanza Municipal de Limpeza realizada polo técnico municipal de Medio Ambiente,

CONSIDERANDO o informe de Secretaría de data 13 de setembro de 2018, sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir para a aprobación da modificación da Ordenanza municipal reguladora de Limpeza.

REALIZADA a tramitación legalmente establecida, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

Visto o anterior, o Pleno da Corporación Municipal adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza municipal reguladora de Limpeza [nos termos en que figura no expediente)

SEGUNDO. Someter dita modificación da Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación da Ordenanza municipal no portal web do Concello [dirección <https://www.riveira.es>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. Solicitar directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos véñense afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

[Poderá prescindirse dos trámites de audiencia e información públicas previstos no artigo 133 no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración Xeral do Estado, a Administración autonómica, a Administración local ou das organizacións dependentes ou vinculadas a estas, ou cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen].

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 33 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

10.- APROBACIÓN COMODATO FUNDACIÓN MUSEO DO GRAVADO DE ARTES. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que recollendo o Comodato do Museo do Gravado, recollendo as recomendacións de Intervención se lle fixo uns cambios, pero básicamente a min me gustaría explicalo para todo o mundo, a parte de que quedara ben claro, o apartado novo no modelo de comodato e que quedara ben claro e non houbera equívocos, a xestión, dirección e programación do Museo vai a recaer enteiramente no Concello de Riveira, por si había algún, digamos, mal entendido cá Fundación do Museo.

Entón, por explicar, vostedes saben que o Concello de Riveira ten aprobado un Convenio Museo do Gravado, ese Convenio é exclusivamente para o 80% en todo caso, como máximo do que é as actividades do Museo, e o Museo normalmente xa aínda que solo fora o 80%, estamos falando de que tería unhas gastos anuais mínimos de 60.000 €, pero nós temos un problema, nos levamos tempo como eu lle comuniqué a tódolos portavoces que para poder levar adiante o Comodato, hai un momento en que se vai a producir unha fractura entre o gasto que está previsto ou que xa executou a Fundación e o que o Concello pode asumir, por eso, o que se pretende é por unha parte dar de baixa o que é o convenio actual, ese 80%, e xa para poder a partir de agora firmar o Comodato, o Concello se fai cargo de todo. Para facerse cargo deso, tense que facer cargo da programación prevista deste ano que se puidera haber gastado e que excedera do que é o Convenio e, por outra parte, a actividade que está prevista para os seguintes meses. Eso para clarificar o que supón para o Concello a maiores dentro deste mesmo ano, pois, ronda o que poden ser 40.000 euros. Estamos falando de que o gasto total do Museo poden ser 90.000 euros incluído o personal. Ese gasto, xa lle digo que unha vez que o xestione o Concello, se vai a reducir. Se vai a reducir por algunha das cuestións que polo feito da xestión actual da Fundación, pois, que seguramente o Concello non vai a levar a cabo, como é o enmarcado de obras para prestar. As que se presten ou se prestan por acordo do Concello, pois, lóxicamente o que as leve vai a ter que enmarcalas e vai a ter que pagar os seguros, en fin, uns gastos que agora si se veñen executando e lóxicamente a gestión municipal vai a facer igual que facemos cas nosas actividades, e lóxicamente eso xa vai a rebaixar de por si.

Despois hai algunha serie de cuestións exactamente igual, que o coste do Concello vai a ser inferior, eu lle poden dicir que por exemplo Abanca ten durante todo un ano cedida a mesma obra que vai trasladando de ciudad en ciudad, e lóxicamente unha forma de promocionar o Museo vai a seguir sendo prestando, cuestión diferente é que Abanca axude coa súa obra social ou calquer outra cousa, que agora se axuda axudará á Fundación en todo caso, pero non ao Concello, é dicir, si non se impón un precio público o que si vamos a ter que chegar é a outros acordos, é dicir, que pola vía de ingreso eu calculo que os gastos a partir do ano 2019 van a ser practicamente os que tiña a subvención que da o Concello. Si hai un

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 34 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

gasto a maiores ou eu entendo que hai un gasto a maiores, e ao final do procedimemento legal establecido para dotar dunha plaza o que é o Concello para que leve ese Museo, lóxicamente, as condicións dese traballador que gane a súa praza en concurso público, pois, van a ser as mesmas que temos no Convenio o resto de traballadores e non as que ten na actualidade, e que polo tanto, son inferiores ás que ten, e no momento que a RPT cree esa praza e posteriormente se poda cubrir polos medios que en dereito temos recoñecidos, vai a haber mais gasto que o que hoxe en día está a ter a Fundación. Eu creo que con eso un pouco lle aclaro tódolos datos que posiblemente moita xente non soubera.

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Vista a proposta de Alcaldía de data 17 de setembro de 2018. “Asunto: Aprobación Comodato Fundación Museo do Gravado de Artes. Adopción dos acordos que procedan”; que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen da Comisión informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de 18 de setembro de 2018, que consta no expediente na sesión.

Aberto o debate, desenvólvese así:

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) di: solo dúas aclaracións, Sr. Alcalde, o contrato por canto tempo se fai?.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que o contrato por 20 anos. A proposta inicial do Comodato eran 20, e eu por conversacións con Javier Expósito, e estando él dacordo sería por 20 anos.

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) di: sin prórroga ningunha, non se recolle nesta primeira firma.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que sería 20 anos, e dentro de 20 anos non creo nin que esté ningún dos que o firma. Agora tamén levamos a xestión do edificio. O edificio a partir deste momento vaino a xestionar o Concello, que por certo ten unha subvención da Xunta e outra da Deputación para dotar de maior mobiliario e de climatización.

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) di: desde o grupo Socialista imos a mostrarnos a favor do Convenio Comodato por 20 anos.

Hoxe en día o Museo do Gravado de Artes conta cunha colección de obras estimable, pasando por ser unha das mellores coleccións de toda España, con obras de célebres autores, entre eles, a gran obra do artista local Manuel Ayaso.

O Concello de Riveira non debe deixar pasar esta oportunidade que se nos brinda coa cesión do Museo, para promover as actividades de tipo artístico e cultural sin límites.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/ Secretaría Xeral/ Juan Manuel Salguero del Valle

Queremos deixar patente que o modelo e directrices de xestión do Museo, ten que ser únicamente municipal aínda que agora se asuma a programación prevista nesta anualidade. Recibimos ou acabamos de recibir a introducción que se nos dou agora aquí ao comenzo da sesión, na que se contempla esta derradeira petición de xestión.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que duas cousas que igual deixei, unha é que a Fundación, lóxicamente, vai a ser do Concello e vai a ter que aprobar o que é un Reglamente unha Ordenanza que regule cal é a relación con este Concello, lóxicamente, é unha xente moi preparada e na Fundación hai dende Catedráticos, ao Director da biblioteca do Gaiás, hai xente do Museo do Prado, polo tanto, todo o que poda ser asesoramiento e todo o que poda servir para acertar, eu creo que é bó pero pasará a ser un órgano básicamente de asesoramiento e non de calquer capacidade decisoria.

Por outra parte, simplemente decirlle que o que é a biblioteca ilustrada posiblemente, nin en mans privadas nin públicas, é a mais importante que existe en España, é decir, a partir do século XVII de libros de gravados ou ilustrados e a biblioteca infantil que agora van a poñer en funcionamento é algo que non podíamos esgotar nin deixar pasar; e por último, porque a veces explicando as condicións olvídome do mais importante, que é agradecer a Javier Expósito que pensara en que esa obra quedara en Riveira e que o puidera xestionar o Concello porque sabemos que importantes Organismos públicos e privados queríanse facer ca mesma; é unha oportunidade que si a temos é gracias a sua gran magnanimidade.

O concelleiro Luís Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG) dí: desde o BNG consideramos que o Museo do Gravado á Estampa Dixital que se atopa en Artes, debería conservar a sua localización e, sobre todo, as suas obras neste municipio.

Consideramos que sería correr un grave erro, facer perigar que o Museo traslade as suas obras a fora de Riveira. Sí que nos gustaría aclarar unha dúbida que xa foi outra das dúbidas que tiñamos, xa foi alcarada, gustaríame que ao remate da miña intervención nos resolverse a dúbida de que vai a pasar no transcurso entre que pasa de ser Fundación a ser completamente Municipal. Queremos saber si se vai a prorrogar o mandato da Fundación e a praza que vai a pasar con ela.

Por outra banda, consideramos que as cesións que se vaian realizar e que podan ter beneficio social económico para o Concello de Riveira, poño por caso que se deixen obras para expor noutros Museos, que se poida esixir gastos de enmarcado ou mesmo que se inclúa unha cláusula para que no lugar onde vaia a estar exposta esa obra, pois, poida haber información turística sobre o Municipio de Riveira ou outro material, pois, que tamén lle dea relevancia non solo ao Museo que a ten, senon tamén ao Municipio onde se encontra.

Por última cuestión, sería un erro que detectei no punto 3º que pon: “Os Comodantes e o Comodatario comprométense a que o préstamo gratuíto ou comodato teña unha duración limitada no tempo de dez (10) anos...”, tería que ter 20 anos.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que xa se cambiou a 20, eso foi o que aprobou a Comisión de Goberno no seu momento. Vamos a ver, lle explico, todo o que vostede pretendía de que está incluído. O tema de persoal é o mais difícil, e agora lle explico o que vai a defender do propio persoal actual, porque?, porque o Concello nestos momentos non pode cubrir esa plaza; non estou falando de persoas estou falando de plazas. Non pode cubrir esa plaza porque non está nin na RPT, non está na nosa oferta de emprego público, todos esos son trámites que teremos que ir facendo e incluíndoos nun presupuesto.

Nestos momentos, polo tanto, mentras non se poda facer eso, temos un “problema” có persoal; porqué?, porque o persoal ten nestos momentos unha antigüidade, supoño que defenderá, que ten unhas condicións, que supoño que defenderá.

Polo tanto, ten dúas opcións o Concello, que terá que solucionar antes de firmar o Comodato, unha é o poder chegar a un acordo con ese traballador nese caso, que puidera concursar no que é unha asistencia técnica mentras non se convoca a praza, para eso ten que renunciar a algún dos dereitos que ten, digamos, como traballador da Fundación pero que lle poden ser retribuídos polo cambio de condicións do traballo, pero tería que ser a través dunha asistencia técnica cós límites legais da cuantía e de tempo máximo, que sería o tempo que ao Concello lle daría para meter esa praza en presupostos e no seu organigrama e no que este traballador tería que concursar igual que o resto; esa é unha das solucións.

A outra, que estamos mirando é que dalgunha forma siga, é igual a mais problemática, a Fundación mentras tanto pagándolle a este traballador para que non teña relacións laborais ou vínculo de ningún tipo có Concello pero despois chegará o seu momento que cando o Concello cubra a praza, si se da a casualidade ou non casualidade, que ese traballador perde o seu posto, seguramente o Concello é o que vai a ter que indemnizalo, e tampouco polo tempo que leva debера ser moito, pero en todo caso, creo que temos que garantir esos dereitos.

Estas son as dúas fórmulas que temos enriba da mesa, que están faladas con él, e non lle podo decir cal é a que a día de hoxe vai a levarse a cabo. O que sí teño ven claro, é que esa praza si entra dentro do organigrama municipal vai a entrar con todo o que a Lei manda.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 37 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.

O Pleno da Corporación Municipal, visto o expediente tramitado; vista a proposta de Alcaldía de data 17 de setembro de 2018. “Asunto: Aprobación Comodato Fundación Museo do Gravado de Artes. Adopción dos acordos que procedan”; e o dictamen da Comisión informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de 18 de setembro de 2018, por unanimidade dos seus membros; **acorda**:

Primeiro:-Ratificala aprobación do modelo de comodato aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de 16 de agosto de 2018.

Anexo:

**CONVENIO DE COMODATO [CONCELLO COMODATARIO]
FUNDACIÓN DO MUSEO DE ARTES
DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL**

Expediente núm:

Convenio de Comodato

Procedemento: *Convenio de Comodato [Concello Comodatario].*

Asunto:

Documento asinado por: *O Alcalde, o Secretario e o particular ou representante de_____.*

MODELO DE CONVENIO DE COMODATO [CONCELLO COMODATARIO]

Reunidos en_____, ás_____do día_____de_____de 2018.

Dunha parte:

_____, [Alcalde do Concello ou Concelleiro en quen delegue], [(no seu caso) facultado por Acordo do Pleno de data_____], en representación deste Concello con NIF núm._____, con domicilio en_____.

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 38 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035
Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

En adiante, [Alcalde do Concello ou Concelleiro en quen delegue] será denominado como o **Comodatario**.

E doutra parte:

D. Francisco Javier Expósito Paradela, maior de idade, con NIF núm. _____,
con domicilio en _____,
actuando como mandatario verbal, en nome e en representación de:

- a) D. Francisco Javier Expósito Seoane, maior de idade, con NIF núm. _____,
con domicilio en _____.
- b) D. Alberto Expósito Seoane, maior de idade, con NIF núm. _____,
con domicilio en _____.
- c) D. Juan Eugenio Expósito Seoane, maior de idade, con NIF núm. _____,
con domicilio en _____.

¹ En virtude do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

d)

En adiante, D. Francisco Javier Expósito Seoane, D. Alberto Expósito Seoane e D. Juan Eugenio Expósito Seoane, serán conxuntamente denominados como os **Comodantes**.

En adiante, o Comodatario e os Comodantes serán conxuntamente denominados as **Partes**.

Ambas as Partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto e libremente:

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que, D Francisco Javier Expósito Seoane, D. Alberto Expósito Seoane e D. Juan Eugenio Expósito Seoane son propietarios da finca registral situada en [dirección], inscrita no Rexistro da Propiedade de [Registro], número [número] (en adiante, o **Museo**), destinado a uso de museo como sede da





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

colección de estampas e gravados listados no Anexo I ao presente Contrato(en adiante, a **Colección**), en virtude de escritura de doazón, otorgada o [fecha], ante o Notario de Boiro, D. [Notario], co número [número] de protocolo.

SEGUNDO. Que entre os fins deste Concello está a promoción das actividades de tipo artístico e cultural.

TERCEIRO. Que tanto o Concello como o Museo teñen obxectivos comúns e que, por tanto, é precisa unha colaboración estreita que permita precisar o desenvolvemento da actividade específica deste último.

CUARTO. Que, os Comodantes, están de acordo en ceder o uso gratuíto do Museo a favor do Comodatario, a fin de que o Museo sexa a sede da Colección.

En virtude do exposto, as partes acordan celebrar o presente Contrato de COMODATO (en adiante, o **Contrato**) de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. O obxecto do contrato constitúe o préstamo gratuíto ou comodato do Museo, descrito no Expoñen Primeiro deste Contrato.

En virtude do presente Contrato de comodato, os Comodantes conservan a propiedade do Museo gratuitamente prestado. O Comodatario adquire o uso do Museo para os fins descritos no Expoñen Terceiro.

SEGUNDA. Os Comodantes entregan gratuitamente o Museo, do que conservan a propiedade, a este Concello como Comodatario.

O Comodatario unicamente poderá utilizar o Museo como sede da Colección.

Con esta finalidade, os Comodantes fan entrega do Museo ao Comodatario, con carácter gratuíto e a título de comodato.

TERCEIRA. Os Comodantes e o Comodatario comprométense a que o préstamo gratuíto ou comodato teña unha duración limitada no tempo de vinte (20) anos a contar dende a firma deste Contrato, isto é o [data] de xullo de 2028.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Non obstante o disposto no apartado anterior, salvo notificación expresa de terminación por alguna das Partes, seo presente Contrato continúa sendo executado polas Partes despois do transcurso do prazo inicialmente previsto, considerarase prorrogado por períodos sucesivos de [un ano] de duración.

CUARTA. O presente Contrato extinguirase nos supostos seguintes:

- (a) Polo transcurso do prazo de duración do Contrato previsto na Cláusula Terceira sen necesidade de requerimento previo ou aviso algún, sen perxuício de que o presente Contrato poida ser prorrogado de acordo co previsto en dita Cláusula.
- (b) Por resolución anticipada unilateral dos Comodantes, previo aviso por escrito ao Comodatario cunha antelación mínima de un (1) ano.
- (c) Por mutuo acordo das Partes formalizado por escrito.

Acontecida a resolución do presente Contrato por algún dos supostos descritos na presente cláusula, o Comodatario restituirá o Museo e a Colección aos Comodantes.

QUINTA. O Comodatario obrígase a:

- (a) Conservar diligentemente o ben obxecto do presente contrato, destinándoo ao uso pactado, sendo da súa conta e cargo os gastos xerais e as reparacións ordinarias necesarias que se deban realizar como consecuencia do uso habitual do mesmo, as producidas por caso fortuíto e aquelas ocasionadas por motivo distinto do fin para o que foi concedido.
- (b) Non destinar o Museo prestado para un uso distinto do convenido no presente Contrato nin a manter o Museo no seu poder máis tempo do convenido.
- (c) Responderá da conservación e seguridade do Museo, respondendo por calesquera dano ou pérdidas acontecidas aos mesmos.
- (d) Manter o Museo no estado no que o recibiu.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

- (e) Así mesmo, non reterá o Museo aínda que os Comodantes teñan asuntos pendentes co Comodatario.
- (f) Permitirá aos Comodantes así como ás personas que estes autoricen, o libre acceso ao Museo e á Colección.

SEXTA. Se o Comodatario informa aos Comodantes con anterioridade dos gastos extraordinarios que vai realizar para o mantemento do ben, este sufragará os gastos correspondentes; unicamente no suposto de perigo para o ben, o Comodatario adoptará as medidas necesarias sen previo consentimento dos Comodantes.

SÉTIMA. Responden solidariamente todos aqueles Comodatarios aos que se entrega gratuitamente o Museo.

OITAVA. Sen perxuicio dos supostos de resolución do presente Contrato recollidos na cláusula Cuarta anterior, o Comodante pode reclamar o ben prestado unha vez concluído o fin.

NOVENA. No non previsto expresamente nas cláusulas anteriores, será de aplicación o disposto no Código Civil (artigos 1.740 e seguintes).

DÉCIMA. No caso de que os Comodantes propoñan a enaxenación, total ou parcial, do Museo, o Comodatario terá dereito de adquisición preferente, tanteo, retracto ou similar fronte a Colección e o Museo.

DÉCIMO PRIMEIRA. As Partes acordan expresamente que o presente Contrato terá efectos dende o 1 de xaneiro de 2018. A estes efectos, o Comodatario comprométese expresamente a satisfacer todos os gastos derivados do Museo de conformidade coa cláusula Cuarta do presente Contrato e o artigo 1740 e seguintes do Código Civil, acontecidos dende o 1 de xaneiro de 2018.

DUODÉCIMA. As Partes comprométese a elevar a público o presente Contrato e a entregar ao Notario de [lugar] D. [notario] os seus Anexos para que proceda á súa protocolización.

Lido o presente Convenio polo Secretario, e atopándose conformes todas as partes, asinan todas as copias [tantas copias como partes haxa].

Os Comodantes

D. Francisco Javier Expósito Seoane

D. Alberto Expósito Seoane

D. Juan Eugenio Expósito Seoane

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 42 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018 MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035
Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

D. Francisco Javier Expósito Paradela

O Comodatario

=====

Segundo:-Derrogar o convenio plurianual ca Fundación Museo de Artes do Grabado, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 30.05.2016 por un período de 10 anos, cun importe de 45.000 €/anuais, así como facultar ao Alcalde para que inicie os trámites para a sinatura dun novo convenio que financie exclusivamente a totalidade de gastos do Museo dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018 cun custe estimado para o Concello de 90.000 euros, o cal estará suxeito as disponibilidades orzamentarias do Orzamento 2018 e sen prexuízo dos trámites que deban ser aprobados polo Pleno da Corporación.

Terceiro:-Facultar ó Sr. alcalde-presidente para a sinatura do convenio cunha duración de 20 anos.

Cuarto:-Facultar ó Sr. alcalde-presidente para o inicio dos trámites por parte do Concello de Riveira para crear a praza ou prazas que sexan necesarias e a súa posterior cobertura conforme ós trámites previstos legalmente

**11.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN
REGULAMENTO INTERNO AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE
PROTECCIÓN CIVIL DE RIVEIRA. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE
PROCEDAN.**

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que é un cambio que xa nalgunha ocasión trouxéramos aquí, que é simplemente, que o persoal debe estar empadroadado

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Vista a proposta de Alcaldía, “Asunto: Aprobación inicial, se procede, modificación Regulamento Interno Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Riveira. Adopción dos acordos que procedan”, de data 17 de setembro de 2018, que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen favorable da Comisión informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de 18 de setembro de 2018, que consta no expediente na sesión.

Non se promove debate nin hai intervencións.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vineteun (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.

O Pleno da Corporación Municipal, visto o expediente tramitado; vista a proposta de Alcaldía, “Asunto: Aprobación inicial, se procede, modificación Regulamento Interno Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Riveira. Adopción dos acordos que procedan”, de data 17 de setembro de 2018; e o dictamen favorable da Comisión informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de 18 de setembro de 2018, por unanimidade dos seus membros; acorda:

REALIZADA a tramitación legalmente establecida, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **o Pleno da Corporación Municipal adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO: -Modifícalo Regulamento Interno da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Riveira (**art. 3**) no que se refire ós requisitos de incorporación dos Voluntarios da Agrupación, recollendo que **o persoal debe estar empadronado no Concello de Riveira.**

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 44 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

SEGUNDO: -Someter dita modificación do Regulamento a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación do Regulamento municipal no portal web do Concello [dirección <https://www.riveira.es>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades .

TERCEIRO: -Facultar ao Sr. Alcalde -Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Auséntase nestos intres do salón de sesións a concelleira María Dolores Elorduy Callón (non adscrita)

**12.- ADQUISICIÓN PARCELA “INMOBILIARIA LA PROMESA”
FINCAS DE CORRUBEDO. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE
PROCEDAN.**

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que a adquisición da parcela “Inmobiliaria Promesa” son as fincas de Corrubedo, algunha da xente presente posiblemente non sepa que é importante, pois, recordar cal é os avatares que ven sufrindo esta finca.

Esta é unha finca que o Concello ten unhas instalacións deportivas alí, os Campos de Samil, e que posteriormente sendo xa Alcalde quen lles fala, é decir, levando anos xa construída esa finca, pois, os seus propietarios póñense en contacto co Concello, ben para que lle compre o que é esas fincas ou ben para que desaloxemos o que é a parcela; entón saben que veu aquí un expediente de recuperación no seu momento e nese expediente de recuperación, pois, decidimos, digamos, seguir adiante defendendo que eso era público, o único documento que o Concello tiña era un documento que posteriormente según os nosos servizos xurídicos a efecto probatorio non ten ningún paradoxo que é o Rexistro da Propiedade, esta finca leva rexistrada moito tempo, moitos anos, décadas, a favor





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/ Secretaría Xeral/ Juan Manuel Salguero del Valle

doutros propietarios, estos últimos é unha inmobiliaria de Burgos, e aquí o único ulterior defensa era un informe novo, unha certificación do Sr. Carrasco no seu momento Secretario do Concello, que decía que eso estaba incluído no inventario de bienes municipales pero sin ningún tipo de soporte documental, e a “Inmobiliaria Promesa” nos leva ao Xulgado; o informe do noso abogado é en xusticia todo se pode esperar, pero que temos un 99,99 de perder eso, polo tanto, o valor probatorio do Concello como poseedor de boa fé, que ten esas propiedades no Rexistro, pois, o mellor é intentar chegar a un acordo.

Eu o puxen en coñecemento de tódolos que son os portavoces, non sei si do resto dos grupos, en Pleno algunha vez se falou, e naquel momento a oferta do Concello era que si estaban dispostos a chegar a un acordo pola totalidade desa finca, que acordo que supera os 200.000 m, pois, que a oferta do Concello sería 1 €/m. En caso de que solo fora, agora son 20.000, naquel momento se decía que 18.000; unha vez que foron os topógrafos son 20.000 m donde están as instalacións deportivas e có obxecto de non perder a inversión e ter que pagar as costas seguramente de ambas partes, pois, que a oferta era de 3,84 €/m². Entonces nestos momentos recibimos como vostedes ben saben, unha contestación á nosa oferta e din que aceptarían vender 20.130 m por o valor 3,84 €/m.

Eso é o que se trae a este Pleno, a posibilidade de comprar e chegar a ese acordo extraxudicial e hasta que non se faga efectivo, pois, lóxicamente eles van a seguir có trámite xurídico correspondente pero é importante este acordo plenario para darlle solución, unhas pistas inútiles que o Concello ten que reparar e que non pode facer mentras non haxa claridad xurídica sobre ese bien.

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Vista a proposta de Alcaldía de data 14 de setembro de 2018. “Asunto: Adquisición parcela Inmobiliaria Promesa fincas de Corrubedo. Adopción dos acordos que procedan”; que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de 18 de setembro de 2018, que consta no expediente na sesión.

Aberto o debate, desenvólvese así:

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) di: realmente vamos a aprobar a proposta de compra deste terreno, aínda que pensamos que este é un modelo de cando se fan mal as cousas porque si alí se fixeron as pistas no seu tempo, está claro que quen mandou facelas tiña polo menos

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 46 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





C O N C E L L O
D E
R I V E I R A
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

un porcentaxe moi alto de creer que era terreno municipal porque senon non creo que decidira facelas.

Ao final, como daquela e fai anos, as cesións non se levaban a escritura pública, pois, así desaparecieron algúns camiños e, neste caso, as pistas. Solamente facerlle unha, supoño que non podrá ser, pero un dos puntos que dí, que vamos espero que se arreglen as pistas, que esto xa non de lugar a que se dilate mais tempo e teña que ir naquel estado porque realmente non é o que merecen os de Corrubedo nin Riveira, pero “Quinto: -Os impostos que teña que pagar o Concello de Riveira pola operación de compravenda serán aboados pola súa conta...”. Aquí non se pode negociar con Facenda e que sexa gratuito?.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que o Ayuntamiento de Riveira o único impuesto, en todo caso, que tería que pagar é de plusvalía municipal, que é un impuesto moi pequeno.

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: os componentes do grupo municipal Socialista imos a ser coherentes coa postura inicial, e imos a refrendar a oferta do Concello de Riveira para adquirir a parcela donde existen as instalacións deportivas nos Campos de Corrubedo; manifestando a nosa preocupación pola desidia desta Institución nos anos 60, que nos fixo perder os Campos de Samil e Teira nunha extensión duns 200.000 m2, e incidir en que esta Institución ten que velar polo uso e disfrute do dominio público e polo seu patrimonio de bens e dereitos.

Prégase que se proceda adecuadamente inscribindo a propiedade unha vez feita a escritura de compraventa no Rexistro da Propiedade de Noia.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: realmente atopámonos coa disyuntiva de os veciños de Corrubedo ter unhos terrenos onde podan facer unhas instalacións deportivas ou quedar sin nada.

Esa é a realidade porque si decimos que non, aquí nestos terrenos os veciños de Corrubedo non teñen instalación deportiva ningunha, pero ten que quedar perfectamente claro, Sr. Alcalde, e o vostede xa o dixo, que este Concello abriu unha investigación de oficio sobre toda a documentación obrante neste Concello, que se requeriu documentación á xente que puidera aportar, que todo o mundo se pudo personar en este tal, e ao final, pois, desgraciadamente tivemos que ir a xuízo e que as posibilidades que dixo vostede son do 99,99 de perder, e teríamos que pagar nós os custes, e que parece o mais sensato, o mellor para os veciños de Riveira e de Corrubedo, xa que a empresa aceptou a nosa proposta, que é bastante axustada, aceptalo, polo tanto, digamos que o aceptamos por imperativo de necesidade, imperativo de necesidade, non imos votar a vista atrás como dixo o Sr. Vilas aos ano 60 porque solo nos conduciría á melancolía. Votaremos a favor.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que simplemente decir, que o coste desos 20.130 m2, pois, é 17.302 €, que é o equivalente de multiplicar por 3,84.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinte (20) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e dous votos dos concelleiros non adscritos M^a José Brión Díaz e Asier Casais Álvarez).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: unha (1) (unha da concelleira non adscrita M^a Dolores Elorduy Callón, de acordo có establecido no artigo 100 do ROF).

Resulta aprobado, por unanimidade dos membros presentes.

O Pleno da Corporación Municipal, visto o expediente tramitado; vista a proposta de Alcaldía de data 14 de setembro de 2018. “Asunto: Adquisición parcela Inmobiliaria Promesa fincas de Corrubedo. Adopción dos acordos que procedan”; e o dictamen da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de 18 de setembro de 2018, por unanimidade dos membros presentes; acorda:

VISTA a proposta presentada pola entidade **INMOBILIARIA PROMESA** no senso de que estaría disposta a aceptar a oferta do Concello de Riveira de adquirir a parte da parcela ocupada por esta entidade municipal nunha superficie de 20.130,92 m² por 77.302,74 € a razón de 3,84 m², netos sin desconto por ningún concepto.

VISTO o recurso de suplicación contencioso-administrativo pendiente de resolución sobre o particular e

CONSIDERANDO que a proposta é beneficiosa para os intereses xerais,

Visto o anterior, o Pleno da Corporación Municipal adopta os seguintes acordos:

Primeiro: -Aceptala proposta presentada pola entidade **INMOBILIARIA PROMESA** no senso de que estaría disposta a aceptar a oferta do Concello de Riveira de adquirir a parte da parcela ocupada por esta entidade municipal nunha superficie de **20.130,9 2 m²** por **77.302,74 €** a razón de 3,84 m², netos sin desconto por ningún concepto.

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 48 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035
Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Segundo: -Os gastos de segregación irán por conta da entidade Inmobiliaria A Promesa.

Terceiro: -Os gastos da escritura de compravenda irán por conta do Concello de Riveira.

Cuarto: -As costas do procedemento serán de oficio para cada unha das partes.

Quinto: -Os impostos que teña que pagar o Concello de Riveira pola operación de compravenda serán aboados pola súa conta, a parte do prezo pactado.

Sexto: -A aprobación do presente acordo implica que a solicitude do arquivo do procemento xudicial pendente terá lugar no momento da sinatura da escritura de compravenda.

Sétimo: -Facultar ó Sr. alcalde- presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Incorpórase nestos intres ao salón de sesións a concelleira María Dolores Elorduy Callón (non adscrita)

13.- PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO M. IPdeR A INSTANCIA DE D^a. ROSA GARCÍA POSE SOBRE “IGUALDADE”.

A concelleira Sra. García Pose do grupo m. IPdeR, presenta moción en nome deste grupo, de data 6 de setembro de 2018 (rex entr. 6-09-2018, nº 12.922) do seguinte tenor:

“Despois de moitos anos pelexando se están a conseguir cambios importantes na igualdade, é certo que a evolución da sociedade é tan rápida e tan grande que moitas veces a administración non é capaz de adaptarse a istos cambios. Algunhas familias monoparentales, residente e naturais de Riveira nos fan chegar unha situación nas ordenanzas fiscais que IPR está segura que debe correxirse xa, e como toda modificación ten que ser aprobada en pleno de ahí a urxencia de esta proposición.

Esta desigualdad foi detectada nas ordenanzas fiscais pero ó mellor tamén aparece nas demais ordenanzas ou regulamentos e incluso no apartado de axudas ou subvencións nos presupostos, imos a explicalo.

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 49 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

De todos é sabido que existen familias monoparentales porque así o decidiron ou por outras circunstancias, eso non ten importancia, pois ben nas ordenanzas, nas tarifas 2018, no bono familiar e conxuxes e fillos ata os 23 anos; no bono familiar monoparental e pai ou nai e fillos ata 15 anos, non se entende esta diferenza, debe ser igual para os dous tipos de familia e por esto se propón o seguinte acordo:

Se modifique a ordenanza fiscal igualando os dous tipos de familias.

Se revisen outro tipo de axudas para que non haxa diferenza entre os dous tipos de familia.”

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo, en sesión celebrada o día 18/09/2018.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que xa ve que hai unha emenda decindo que no próximo pleno que é onde tratamos tódalas ordenanzas fiscais, se corrixa. Simplemente o que dí é darlle a razón porque eu non sei porqué meteron 15 anos, seguramente é un erro porque incluso o prezo é menor que o das familias monoparentales, de 4 € baixa a 21, é dicir, 13 € menos. O que non ten sentido é o dos 15 anos. Seguramente foi un erro de transcripción porque xa digo o que é o importe si que xa ten o beneficio.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar o concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) quen dí: dende o partido Socialista consideramos que a petición é acertada e adecuada polo que imos a votar a favor.

Véxase si é mais acertada a revisión hasta os 25 anos como recolle o bono familiar.

=====

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.), dí que hai unha **emenda de substitución** sobre este asunto presentada por escrito pola concelleira Sra. Pouso Maneiro do grupo m. PP, de data 21 de setembro de 2018 (rex entr. 21-09-2018, nº 13.618), relativa a “Igualdade”, redactada da seguinte maneira:

“Emenda de substitución:

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 50 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018 MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035
Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/ Secretaría Xeral/ Juan Manuel Salguero del Valle

1.- Que no pleno no que se aborden as ordenanzas fiscais do Concello se elimine calquera clase de diferenciación discriminatoria das familias monoparentales en relación a aquelas que contan con dous cónxuxes.”

=====

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que no seguinte pleno que é cando traemos normalmente as ordenanzas fiscais, que son as que rigen no ano 2019, pois, se correxirá.

=====

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) dí: que **acepta a emenda.**

=====

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a proposición da Sra. García Pose, relativa a “Igualdade”, *coa emenda de substitución da Sra. Pouso Maneiro do grupo m. PP, que acepta a propoñente da proposición*, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo, en sesión celebrada o día 18/09/2018, **por unanimidade dos seus membros, acorda:**

Que no pleno no que se aborden as ordenanzas fiscais do Concello se elimine calquera clase de diferenciación discriminatoria das familias monoparentales en relación a aquelas que contan con dous cónxuxes.

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 51 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

**14.- PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO M. IPdeR A
INSTANCIA DE D^a. ROSA GARCÍA POSE SOBRE “OBRAS EN BRETAL,
NA PISTA DO RUEIRO DE ABAIXO, O CAMIÑO DE CASQUEIRO”.**

A concelleira Sra. García Pose do grupo m. IPdeR, presenta moción en nome deste grupo, de data 6 de setembro de 2018 (rex entr. 6-09-2018, nº 12.924) do seguinte tenor:

“En Bretal, na pista do Rueiro de Abaixo, o camiño do Casqueiro, unha pista que despois de pedir IPR que solucionasen o problema das augas que por alí discurrían, amañouse de aquela maneira para un ano e pico, pero resulta que nas poucas choivas que caeron na primavera e verán, os veciños se encontran que o problema é maior que antes de amañarse, as augas en vez de ir polas novas canalizacións, van polo medio da pista e entran nos curráis da xente que vive alí. Tamén é certo que os márxenes da pista están cheos de herbas e non deixan que a auga corra por donde ten que ir e por isto é polo que se lle pide ó Pleno aprobo o seguinte:

Estudiar e amañar de forma que as augas escurran polas recollidas e non entren nas casas dos veciños.”

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 18/09/2018.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar o concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) quen dí: desde o partido Socialista imos a votar a favor de amañar as deficiencias sinaladas na proposición do grupo municipal de IPdeR.

A concelleira Elvira Pereira Ageitos (grupo m. PP) dí: en principio Sra. García Pose, decirlle que se le va a arreglar lo de la moción. En primer lugar, es un camino de pies, y trajo varias veces esta moción al Pleno, en la parte de arriba, que es un poquito más ancho, pide vd, que se arreglara el camino que ya se arregló. En esa parte ancha hay 4 casas, una habitada que ya no está habitada, el resto está sin habitar. Tenemos que priorizar. Solo pasan por la parte de arriba 2 personas y por la parte de abajo como mucho, vd, tuvo que ir allí, le llaman el Casqueiro por eso, pasa una persona.

Dice que se arregló de aquella manera; se arregló con mucho cuidado y con mucho mimo, otra cosa es, que también le explico después, la situación de las casas que están allí. El camino es tan estrecho, ya digo que pasa una persona, y la

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 52 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

pendiente es tan elevada que es inviable, primero por la estrechez que no pasa la máquina, segundo por la pendiente que tiene, y tercero porque no hay espacio suficiente; a no ser que llegue mañana y que algún vecino, que no lo creo, decida ceder un poquito de terreno.

Vamos a instalar una rejilla más grande, de acuerdo, a ver si se mejora el problema. Aclarar que las rejillas recogen el agua de la lluvia, lluvia normal, pero cuando hay una tromba de agua las rejillas son insuficientes al 100%, pero eso no quiere decir que no funcionen, ahora, son insuficientes aquí y en cualquier otro sitio. Le voy a dar una explicación, a mí me vinieron a hablar los vecinos de esa agua que pasaba por ahí, para que hablara con una vecina que no está aquí precisamente, en las primeras casas de arriba, las que están deshabitadas, donde se hizo la obra porque estaba arreglando la casa y bajaba el agua de tal manera, porque estaban limpiando las fachadas que obstruyeron todas las alcantarillas, no tuvieron la precaución de limpiar y bajó todo y obstruyó todo. Ninguna de las obras que ejecuta el Concello es para empeorar la situación, es todo lo contrario, y además ahí tuvieron especial cuidado porque vd, sabe que hay fincas más altas y hay una casa que está mucho más baja, que gracias a las obras que se hicieron esa casa que ahora hay un pequeño taller de reparación, esa casa está mucho más baja que la carretera que es una casa antigua de piedra, y seguido el agua en los muros, pero fue de toda la vida y ahora se le arregló y tiene muchísimos menos problemas. Ahí, pedían los vecinos para que sacaran unos postes que los tenía pegados a esa casa. Yo pienso que se le arregló el problema bastante, eso no saca para que intentemos mejorarlo lo máximo posible.

A esos vecinos que están ahí, de acuerdo que el agua a veces, es una zona rural, el agua arrastra habitualmente, hay zonas un poco más altas unas que las otras y no tienen muros, entonces arrastra la tierra y las hojas y para limpiar las cunetas los propietarios están pendientes de avisarnos porque es una zona un poco delicada y las rejillas que tienen delante de las casas, pues, algunos para evitar problemas, pues, a veces las limpian incluso ellos en un momento.

Las hierbas de las fotografías, yo no se quien es el fotógrafo pero a mí no me lo mande, porque las hierbitas están dentro de las casitas que están abandonadas. Esa zona se limpia como todas las otras zonas y como los otros lugares que tienen los mismos problemas. Que a veces hay que repasar un poco?, si, pero sabe que a veces también es muy difícil mantener todo en las mejores condiciones.

En esa zona, fíjese si el Concello obró con cariño, se dotó de agua que no la tenían, se dotó de saneamiento, se dotó de pluviales, se recuperó el núcleo y se integró todo, por un importe de 424.000 €; en el 2014 se dotó de pluviales otro tramo por 127.000; en el 2016 otro tramo de 13.800 €; en el 2009 la ampliación del alcantarillado por 52.000 €, en los últimos 10 años solo en el Rueiro de Abaixo y de Arriba se invirtieron 600.000 €. Trataremos de arreglarlo Sr. García Pose.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Me gustaría también que los vecinos, el empedrado y todo lo que tienen por allí, que también lo mimaran y lo cuidaran un poquito porque nos sale del bolsillo de todos los contribuyentes.

La moción se le va a aprobar; toda la mejora a los vecinos, totalmente de acuerdo, pero creo que el Concello en esa zona se portó muy bien.

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) en termos de réplica dí: efectivamente, hai fotos que ao mellor, pois, que sí, que as facemos un pouco esaxeradas porque temos dalgunha forma que sensibilizar ao executivo para que se dea conta, pero aquí hai unha fotiño que está clara e non falo dun camiño estreito, efectivamente alí é imposible, pero a auga escorrenta e non diga que está ben feito porque a recollida de pluviales queda a un lado e a auga baixa polo outro, e vese na foto, aquí non hai herbas, está ben quitada. Na seguinte foto pasa exactamente o mesmo, a auga ven dese camiño que efectivamente é difícil, aquí está a recollida de augas e a auga baixa por outro sitio. E aquí pasa exactamente igual, ou sexa, en vez de vir a auga para a recollida vai polo outro lado da pista, y é unha zona bastante ancha.

A mín doenme os cartos públicos, e digoo moitas veces, ao mellor é que pertenezco a unha xeneración donde sabemos o que costa conseguilos, e a miña función aquí tamén é fiscalizar que se invirtan ben, que se gaste e que as obras queden ben feitas.

Eso por algunha razón, a recollida de pluviales non vai polo sitio que tiña que ir, e esa é a realidade. Eu o que lles pido, que arregledes, pero si arreglades que quede ben para que non volva a pasar o mesmo.

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a proposición da Sra. García Pose, relativa a “Obras en Bretal, na pista do Rueiro de Abaixo, o camiño de Casqueiro”, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 18/09/2018, **por unanimidade dos seus membros, acorda:**

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 54 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Estudiar e amañar en Bretal, na pista do Rueiro de Abaixo, o camiño de Casqueiro, de forma que as augas escurran polas recollidas e non entren nas casas dos veciños.

15.- PROPOSICIÓN CONXUNTA PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS BNG, PSdeG-PSOE, E CIUDADANOS SOBRE “REPROBACIÓN DA CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS, PROMOCIÓN SOCIAL E IGUALDADE DO CONCELLO DE RIVEIRA”.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que esta proposición foi informada negativamente na comisión, e polo tanto, vamos a proceder á ratificación do acordo da comisión porque entra en Pleno informada negativamente. O que procede é a votación da mesma, xa en teoría informal negativamente, pois, non debía xa nin de vir ao Pleno, en todo caso, eu lle vou a dar un turno máximo de 3 minutos ao que queira utilizalo.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: nós o que pedimos é tratar a moción como traatamos tódalas mocións. Leer a exposición de motivos, falarán os grupos.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que eu non lle digo que non lean a exposición de motivo, leana pero teñen 3 minutos, porque entendo que nas circunstancias incluso da súa inclusión en Pleno é porque o Alcalde o considera e quería, en todo caso, que se dera coñecemento da súa proposición.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: a proposición está na orden do día, como unha proposición normal e corrente, e nós o que pedimos é que se trate como unha proposición normal e corrente.

O concelleiro Luís Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG) dí: nunca se limitou o tempo desa maneira

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que tampouco nunca as circunstancias foron que unha votación que ven informada xa negativamente da comisión. Noutras circunstancias e visto o que me están decindo, non o incluirei na orde do día, si ven informada negativamente.

O concelleiro Luís Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG) dí: eu penso que neste Pleno nunca houbo problemas polo tempo que usou cada grupo, xa non é a primeira vez que nesta Corporación se debaten mocións conxuntas, entón, eu pediríalle que se trate como unha moción conxunta mais, como as que se viñeron facendo ao longo destes anos porque non hai ningún tipo de motivo, nin no Regulamento Orgánico hai ningún tipo de punto nos que se prohíba o debate normal, se vostede quere coartarnos a posibilidade de debater eu penso que é un mal precedente.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que si eu quixera coartar non o traigo ao





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/ Secretaría Xeral/ Juan Manuel Salguero del Valle

Pleno que non teño obrigación, eu conformo a orden do Pleno, a conforma o Alcalde, eu non teño ningunha obrigación, estoulle poñendo unhas condicións a unha proposición que ven cunhas connotacións diferentes a calquer outra. Lle estou decindo que o lean e despois teñen 3 minutos, pero da mesma forma que teñen 3 minutos vostedes para expoñer a súa exposición o resto dos grupos siguen tendo os 3 minutos.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: Sr. Alcalde, os grupos que presentamos esta moción, estamos convencidos de que o que fai vostede con esta triquiñuela legal, que o que amosa é unha falta de vontade e unha falta de transparencia e de democracia total e absoluta, non estamos dacordo con que nos coarte desta maneira a nosa liberdade de expresión, polo tanto, os 3 grupos decidimos que imos levantarnos deste Pleno.

=====

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) *da un receso para que o falen os grupos.*

=====

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que xa lles estou decindo que poden leer a súa proposición e a parte deso cada grupo ten 3 minutos o seu grupo, son 9 minutos para defender a súa proposta.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: Sr. Alcalde, entendo entón, que podemos leer a exposición de motivos e despois habrá intervención de 3 minutos de cada grupo?.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que sí, é o que dixeran dende o principio.

=====

Vista a moción presentada polos Voceiros dos Grupos Municipais BNG, PSdeG-PSOE, E CIUDADANOS de data setembro de 2018 (rex entr. 11-09-2018, nº 13.090), en relación a “reprobación da concelleira de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade do Concello de Riveira”, procede a dar lectura á proposición conxunta o concelleiro Sr. Vázquez Cobas do grupo m. BNG, que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas que desempeñan cargos de representación pública ou teñen responsabilidades institucionais deben ter condutas e comportamentos exemplares ante a sociedade, pois están sendo a imaxe de institucións que representan a toda a poboación.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Desde os grupos do BNG, PSOE e Ciudadanos entendemos que calquera persoa pode trabucarse no desempeño das súas responsabilidades públicas, mais o que non é admisíbel, é que se estean producindo discursos que restan importancia á loita contra a violencia de xénero ou mesmo incitan á discriminación de persoas que teñen mobilidade reducida.

A concelleira delegada de servizos sociais, promoción social e igualdade dona María Esther Patiño Rey, declaraba en marzo de 2018 "Feliz día de la mujer, pedir pacíficamente salarios igualitarios para trabajos equitativos y que se termine el maltrato tanto machista como feminista. Igualdad". Esta declaración demostra unha evidente falta de coñecemento dos fundamentos da loita feminista. O feminismo non é hembrismo, e as agresións machistas que sofren as mulleres galegas en todos os ámbitos da súa vida están moi lonxe, tanto cualitativa como cuantitativamente, das que sofren os homes. Así o recollen os informes oficiais desta materia. Entendemos que situar as problemáticas das mulleres ao mesmo nivel que as dos homes, especialmente nun día como é o 8 de marzo, e tratándose da concelleira de igualdade, implica unha baixa sensibilidade coas violencias que sofren as veciñas de Ribeira. O comentario fixo que nas masivas mobilizacións realizadas o Día Internacional da Muller se lle pedise a dimisión por parte do movemento feminista e dalgunhas forzas políticas con representación na Corporación Municipal de Ribeira.

Por outra banda, a concelleira de servizos sociais, promoción social e igualdade do Concello de Ribeira voltou realizar, en agosto deste ano, unhas declaracións intolerábeis por parte da encargada de implementar políticas que favorezan a plena inclusión social e a accesibilidade universal. Ante unha queixa veciñal pola falta de accesibilidade para persoas con mobilidade reducida na rúa Romero Ortiz de Ribeira, a concelleira declarou: "os das cadeiras de rodas sóbralle por onde ir, sen ter que ir por esa rúa". Estas palabras causaron un profundo malestar na poboación ribeirense que pediu a súa dimisión ou destitución, petición que tamén secundaron os grupos do BNG e do PSOE, e esixíronse explicacións por parte de C's.

Para o BNG, PSOE e Ciudadanos, a señora Patiño volve poñer en evidencia a súa total falta de empatía cara ás persoas, neste caso coas que teñen dificultades de mobilidade sexa permanente ou temporal.

Consideramos que o Concello de Ribeira debe camiñar cara á accesibilidade universal para aplicar o dereito a ter un municipio no que todas as persoas teñan as maiores facilidades de movemento e os menores atrancos posibles. A señora Patiño debería saber que a accesibilidade é un tema fundamental, igual que o é a igualdade entre mulleres e homes. Ambos temas son unha prioridade nas accións que se levan adiante desde o departamento que dirixe.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Tal e como explicabamos ao comezo, as representantes públicas deben ser o exemplo e espello no que poida mirarse a veciñanza e xa son reiteradas as declaracións sen ningún rigor e mesmo discriminatorias que realiza esta concelleira, o que nos leva a dicir que esta persoa non é a mellor representante para estar á fronte do departamento de servizos sociais, promoción social e igualdade do Concello de Ribeira.

Para os grupos do BNG, PSOE e C's, o alcalde de Ribeira é o responsábel último deste asunto, pois ao negarse a señora Patiño a dimitir, o señor Ruiz Rivas ampara este tipo de discursos cando a mantén no cargo a día de hoxe.

Unha vez máis reiteramos a petición de que a señora Patiño debe dimitir ou ser cesada no caso de non querer facelo.

Ante todos os argumentos expostos, os grupos municipais de BNG, PSOE, e Ciudadanos, propoñemos a adopción do seguinte acordo:

A Corporación Municipal de Ribeira, reproba a María Esther Patiño Rey concelleira delegada de servizos sociais, promoción social e igualdade polas súas declaracións discriminatorias e pouco rigorosas realizadas en temas de igualdade e accesibilidade.”

Este asunto foi dictaminado desfavorablemente pola Comisión informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo, en sesión celebrada o día 18/09/2018.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar oconcelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cs) quen dí: el pasado 8 de marzo la concejala declaró que quería un mundo sin violencia machista y feminista, demostrando que no conoce el significado de la lucha feminista, siendo la responsable de este Gobierno para la igualdad.

El día 8 de agosto la Sra. M^a Esther Patiño Rey, 3^a Teniente de Alcalde y concejala delegada de Servicios Sociales, Promoción Social e Igualdad, realizou unas declaraciones ofensivas hacia las personas con movilidad reducida en la red social Facebook. Las declaraciones realizadas constituyen un menoscabo para la dignidad de las personas con movilidad reducida y no ayudan a evitar la discriminación, por otra parte, lo que demuestran estas declaraciones de la concejala, es un profundo desconocimiento de la Legislación vigente en materia de accesibilidad, que garantiza que todos los espacios públicos deben ser adaptados para que todas las personas puedan acceder sin ningún tipo de barrera. Este hecho también resulta reprochable para la concejala.

Desde el grupo municipal Ciudadanos Riveira, consideramos que las





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Instituciones deben evitar cualquier tipo de discriminación y favorecer la integración de las personas con movilidad reducida, eliminando las barreras arquitectónicas para favorecer el desarrollo de una vida mejor.

Desde el grupo municipal Ciudadanos Riveira, solicitamos una comparecencia de la edil para explicar las afirmaciones realizadas en la red social Facebook, así como unas disculpas públicas por las declaraciones realizadas. De la comparecencia no sabemos nada, de las declaraciones realizadas nos parecieron más una excusa que una disculpa, por lo que decidimos sumarnos a esta moción conjunta y presentamos esta reprobación.

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: desde o partido Socialista de Galicia PSOE, queremos avanzar hacia unha cidade inclusiva e moderna, que conceda a todos iguais oportunidades de cumprir metas e aspiracións personais; esto significa un desafío á arquitectura, a urbanismo, aos programas e proxectos públicos para incorporar as condicións necesarias para que a nosa cidade, edificios, prazas e parques, aceras, teñan posibilidades de acceso e uso para todos os seus habitantes.

O manual de accesibilidade universal debe estar presente en cada unha das obras a realizar ou realizadas no noso Concello, como ben apuntaron aquí os compañeiros anteriores, e reflexa a necesidade de dar solucións universais no deseño e na execución de proxectos, e que tamén permita asegurar o uso das instalacións a tódalas persoas nalgún momento das súas vidas, cando as capacidades de mobilidade e/ou sensoriais se vexan diminuídas.

E como non pode ser doutra forma ao fronte do departamento de Servicios Sociais, Promoción Social, e Igualdade, no Concello de Riveira ten que haber unha persoa responsable do que fai e tamén do que dí nas súas declaracións públicas, tanto no trato individual como no colectivo, ademais para esta responsabilidade débese dispoñer dunha sensibilidade especial para desenvolver a tarefa, e compre decir, que non é así o caso concreto. Os comentarios da Sra. Concelleira non dan lugar para facer un debate sustentable nin coherente, por estar fora de lugar, por ende solicitamos a reprobación do cargo da delegación, por parte do Sr. Alcalde do Concello de Riveira, de non facelo, a responsabilidade e competencia recaerá exclusivamente na súa persoa.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que eu antes de darlle a palabra á Sra. Elorduy, e á Sra. García, e ao resto de xente que o diga, bueno, aquí eu creo que se dixeron palabras moi gruesas, e non corresponden nin ca intención, nin ca bonhomía de Esther Patiño. Si algo ten Esther é que é unha persoa directa, franca, clara, que comete erros igual que os cometo eu, que os cometen vostedes, e que a primeira que se reprobou a sí mesma foi ela pedindo disculpas; é verdade que é unha frase desafortunada nun contexto desafortunado, que recolle unhas expresións que xa viñan expresándose ahí, e quizá ahí, é a diferenza de un político con unha persoa das que estaba participando no debate e que non estamos a reprobar, por eso, eu creo que ela foi a primeira que se dou conta, e por eso digo que é franca e clara, pero si defendo a Esther non solo é porque sexa unha persoa





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

franca, clara, porque cando falaban vostedes de sensibilidade cós problemas de Servicios Sociales, estaba pensando en ela; estaba precisamente porque a vida en Servicios Sociales é moi duro, e meterse nas casas que a veces se mete e ver o que nenas casas hai, e o sufrimiento de moitas familias, non vale calquera, e ela está alí e está ao pé do cañón, e sinon pódennlo preguntar a calquera das persoas que traballan en Servicios Sociales, e por eso a apoio, e a apoio porque sendo concelleira aquí temos un Plan de accesibilidade, un Plan de movilidad, e se está levando a cabo, e cada vez que recibimos queixas de cousas, moitas nosas, pero outras moitas que non son nosas, aquí se recibe e intentamos correxilas, a propia brigada dirixida por ela, pois, ten a orden de que unha vez practicamente á semana intente evitar ou solucionar calquer eiva que teñamos na accesibilidade e, polo tanto, si en algo é coñecedora e traballadora nese sentido é ela, pero é que hai moitos máis ámbitos porque vostedes ao que están reprobando non son unhas declaracións, e si vostedes reprobaran as declaracións eu tamén as reprobaría como as reprobou ela que foi a primeira en reprobalas decíndoo e pedindo disculpas, que algún ve excusas, pero foron disculpas; e si son as suas palabras as que hai que reprobar precisamente ela seguramente daríase conta e non volvería nestos momentos a facelo sabendo a transcendencia pública que se lle iban dar a esas palabras, pero é moi diferente, o que hai que ver é o seu traballo en Servicios Sociales, hai que ver como pasamos casi a duplicar os fondos, como pasamos de 40.000 horas a 53.000 horas de atención domiciliaria, etc, etc.

Entón, si o que se quere reprobar é á persona e ao seu traballo, evidentemente, este Alcalde vai a estar a morte cunha persona que quizá o seu defecto sexa ser tan transparente, ser tan clara e a veces cometer erros que calquera de nós non cometeríamos porque sabemos o que significa a veces meterse en redes sociais a escribir.

Polo tanto, o meu apoio máximo e o quería decir antes de escoitar ao resto dos grupos.

A concelleira M^a Dolores Elorduy Callón (non adscrita) dí: yo tengo que dar gracias a Dios por no tener Facebook, si me enteré destes comentarios fue por un pantallazo que me mandaron. No voy tan allá como todos ustedes, ni busco una explicación, ni pienso que ella pueda ser tan retorcida.

Yo voy a repetir lo mismo que dije en comisión informativa, que ella ni es retorcida, es buena persona, es trabajadora, y si se equivocó, lo rectificó, y se disculpó.

La Sra. Patiño, si es cierto que escribió un comentario muy desafortunado, a mi me llegó muy desafortunado, pero luego se disculpó, a lo mejor soy simple pero que más necesitamos, nadie está libre de meter la pata, ni hablando, ni escribiendo; todos los aquí presentes lo hacemos miles de veces, nos equivocamos, pero el castigo que ustedes le piden, a mi modo de ver, a mi compañera, es desproporcionado al comentario; ya se disculpó, pidan ustedes la reprobación o dimisión de quien miente a sabiendas de quien lo está haciendo y quien insulta como pasa muchas veces aquí y no se disculpa, pero no vayan quitando los pies del





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

tiesto pensando que una persona se equivoca y ya por eso es tremendamente irresponsable. Yo no voy a apoyar esto.

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) dí: ben, eu vou a falar como acoplada, que por certo os meus compañeiros de Ciudadanos, e do PSOE, non tiveron nin unha sola palabra de apoio, pero bueno, xa vou entendendo, pero sobre todo, como compañeira dunha persona con mobilidade reducida, con moita mobilidade reducida, que gracias a Dios, nadie mais o ten dos que teñen aquí representación neste Pleno.

En estos 3 anos que levamos, non me quero ir mais atrás, eu vin defender falta de plazas de aparcamiento, que si esto quedaba mal, que si esto quedaba peor, pero eu peleando có concelleiro de tráfico que non había paradas suficientes para persoas con mobilidade reducida, están escritos e están ahí. Si miran toda a miña traxectoria política desde a época do Sr. Torres, un día trouxen un plano vindo por Miguel Rodriguez Bautista e outra vez vindo polo Malecón, explicándolle punto a punto, donde había barreras arquitectónicas. Vostede Sr. Alcalde, no tempo que leva como Alcalde, sabe a de veces que denunciou unha barrera arquitectónica e as veces que incluso o trouxen a este Pleno.

Eu creo que o compromiso dos concelleiros cando realmente saben a problemática da mobilidade reducida é dar alternativas, traer mocións, traer proposicións, e decir, aquí non se pode vir, estos señores non teñen as mesmas posibilidades que os que nos podemos mover, e xa digo, falo con coñecemento de causa, con moito coñecemento de causa.

A última vez que eu falei có Alcalde díxenlle o meu home non pode ir a unha exposición de Lustres Rivas porque hai barreiras arquitectónicas, e arreglouse, pois, ese é o compromiso real cá xente que polas circunstancias que sean teñan imposibilidades reais de poder participar na vida social. Eu non sei si ao Sr. Cardalda, podrían entrar no teu ximnasio ou non podrían entrar, por exemplo. Ahí sí que hai que reprobar á Conselleira porque os sitios de ocio e aínda que sexan de entidades privadas, non lle obrigue a quitar as barreiras arquitectónicas para permitir a mobilidade, é así, hai que ser realistas. Ese é o compromiso coa mobilidade reducida; José Antonio Novoa, negouse a vir aquí a este Pleno, sendo concelleiro hasta que lle quitaron a barreira arquitectónica de aquí e se lle fixo un cuarto de baño asequible aos que teñen mobilidade reducida, esos son os compromisos que hai que ter, a min que mais me da decirlle a Esther, mira vaite porque non o fas ben, non, eu o que quero e que se lle arregle o problema, eu o que quero é que unha persona que ten mobilidade reducida salga da sua casa e poda ir aos mesmos sitios que vou eu, aos mesmos, entóns direi, estou facendo un compromiso por eles; declaraciones desafortunadas?, por supuesto, como o de acoplada, exactamente igual, pero acaba donde acaba, ela pideu disculpas, supoño que lle costaría bastante pero pediunas, polo tanto, eu como persona e que conozco o problema xa me dou por satisfeita, e IPdeR, Sr. Alcalde, é un problema que coñece moito e me fastidia que se manipule da forma que se está manipulando. IPdeR se ratifica no que dixo na comisión informativa.

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 61 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

A concelleira M^a Herminia Pouso Maneiro (portavoz do grupo m. PP) dí: a mín resúltame realmente vergoñento, que se esté facendo unha reprobación dunha concelleira sin ter en conta, simplemente por unha desafortunada frase, por algo que ela xa pideu disculpas no seu momento, xa se disculpou e como ben se decía aquí, que non se teña para nada en conta todo o labor e todo o traballo que leva feito, tanto a prol da igualdade como en ese compromiso para salvar barreiras arquitectónicas no día a día ao longo do seu traballo ao fronte do departamento de Servicios Sociais.

Eu lle pregunto a estes 3 propoñentes, acaso non é mostrar compromiso ca igualdade seguir mantendo e apostando por ese funcionamento do CIM, con eses profesionais ao fronte?, dúas profesionais en concreto; unhas profesionais que son precisamente as persoas capacitadas que están ahí para atender, para asesorar e orientar a aquelas mulleres que se ven en situacións de maltrato e en situacións de problemas na súa vida personal, realmente complicadas que necesitan ter profesionais de altura para que estén ahí asesorandoas e acompañandoas.

Repróbase o traballo daquela persona que impulsa charlas, que impulsa talleres, que impulsa cursos, conferencias, sobre educación igualitaria, talleres de relaxación, talleres de educación sexual, de autodefensa para as mulleres e empoderamento, pois, vostedes están reprobando a esa concelleira que impulsa todo eso, a que impulsa aqueles obradoiros de coeducación en todos os centros educativos e en tódalas etapas de infantil e bacharelato, aquela que pon en marcha campañas de sensibilización e de exposición, que pon en marcha tamén e colabora ca realización de mesas informativas, aquela que pon e apoia, impulsa esa avaliación do segundo Plan de diagnóstico e elaboración do segundo Plan de Igualdade, e que fai tamén así mesmo apoio á folga e as movilizacións do día 8 de marzo.

Esa é a concelleira, esa é a persoa que vostedes están reprobando. Pero logo nos encontramos ca realidade do día a día e cas incoherencias que mostramos moitas veces nas actuacións de cada persoa particular; decía vostede que se sentía un pouco molesto, Sr. Cardalda, pola referencia que lle acababan de facer, decía que se lle había concedido a licencia polo Alcalde anterior, unha licencia concedida de acordo cunha normativa vixente no momento. Hoxe en día, a normativa en cuestións de accesibilidade mudou moitísimo, pero si vostede quixera demostrar realmente un compromiso por esa accesibilidade, debería ser o primeiro que no seu local donde se imparten actividades que se ofertan a un público, debería ser o primeiro en molestarse en eliminar esas barreiras arquitectónicas.

Mire, hai moitos casos en Riveira, de rampas que vemos na vía pública de acceso a edificios, porque foron construídos no seu momento sin cumprir cunha Lei que hoxe temos en marcha de accesibilidade, e naquel momento, non sei si sería por Lei, hoxe en día a Lei cambiou, e nos encontramos ca situación de que hai que facelos accesibles, de ahí, que vexamos esas rampas ocupando moitas veces os espazos públicos, así é que, leccións as mínimas; y é vergoñento que veñamos aquí a reprobar o traballo e a acción dunha concelleira do equipo de Goberno, cando despois moitas veces en ámbitos privados e particulares cada un tamén ten





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

moito que reprobar e ten moito que rascar, permítanme a expresión vulgar, porque mire, esa expresión que dixo a concelleira de Servicios Sociales, desafortunada pola que xa pideu disculpas, era no seu tempo de ocio, no seu tempo de lecer, y non no exercicio das accións de Goberno, pero bueno, seguimos falando de compromiso e do que vostedes están reprobando, e vostedes están reprobando a unha persona que impulsa ese incremento da acción e da atención a dependencia como mais de 52.000 horas, están reprobando esa persona que ten baixo a súa dirección unha plantilla de Servicios Sociales, de atención a domicilio, con 5 traballadoras de auxiliares donde hai casi 8.000 horas de traballo a maiores. Están vostedes, tamén, reprobando todos os convenios que se apoian ás Entidades que traballan a prol da discapacidade e a prol da igualdade, é eso o que vostedes están reprobando.

Miren, en cuestións de acceso de compromiso cas normas e ca accesibilidade, falaba o Alcalde dese plan de accesibilidade que temos, un plan que está feito para o periodo 2016 – 2026, seguramente aínda revisando atoparemos cousas que quedan por meter, pero aquí está toda unha planificación e se está desenvolvendo e se están contemplando accións y dotacións económicas para levar adiante toda esa eliminación de barreiras arquitectónicas.

Ese é o compromiso deste equipo de Goberno e ese é o compromiso da miña compañeira Esther Patiño, a que vostedes neste momento están reprobando.

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cs) di: aquí falamos de moitas cousas, incluso mezclamos temas personales que non veñen a conto, eu considero que no porque no momento dado eses negocios abriron cunha licencia que se dou desde aquí, e se tiñan deficiencias é porque alguén o permitiu desde aquí; e tamén lle vou a comentar outra cousa, falamos tamén do Malecón, porque nós temos queixas do Malecón recién feito. Si vostede está na zona dos bares e quere pasar a donde está o parking dos coches na parte do Porto, solo teñen dúas zonas e hai 2 pasos de peóns que teñen semáforos que non poden ir as sillas de cadeiras, quere mais?, e acábase de facer unha obra nova.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que se acaba de facer non, se está facendo. Primeiro, se meteu vostede nunha competencia de Portos, non do Concello. Segundo, esa obra non se acabou e estas deficiencias se van a facer; esa obra non está acabada, aínda queda a parte de alá e nos queda o de Puertos, e nos queda donde se levantou a chisma, pero xa que se mete vostede en baños que non debía meterse, no seu momento se daban as licencias conforme ao que era a lexislación daquel momento, pero bueno se pode meter un salva, entón, aquí o que lle dixeron, que non sei porqué se enfada, de si tiña ou no compromiso todo o mundo, e moito falar da Sra. Patiño, pero si todo o mundo na nosa vida privada e na pública temos ese compromiso que despois lle demandamos a ela, e foi o que lle dixeron. Si lle pareceu mal ou ben, a todo o mundo nos parece mal ou ben. A min tamén me ten que parecer moi ben que vostede me diga que estamos facendo unha obra que non ten accesibilidade, esa obra non está acabada, mellorou a accesibilidade o 1000 por 1000 e cando se acabe tamén podrán acceder ao porto, cousa que non podían facer,





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

por tódolos lados donde antes non o podían facer. Entonces, falemos con conocimiento de causa.

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: aquí non cuestionamos o traballo senon as palabras, Sr. Alcalde. Non podemos consentir que un concelleiro que ostenta un cargo pense desta maneira. Que conste que non temos ningunha animadversión hacia a persona, estamos considerando unha delegación/representación política.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: a Sra. Concelleira de Igualdade compara o maltrato machista có maltrato feminista, o iguala, dí que é igual. “Que se acabe el maltrato machista y también el maltrato feminista”.

Sra. Rosa, vostede é unha afectada como outros, hai centos en Riveira por desgracia que teñen problemas de movilidad. Desgraciadamente hai moita xente afectada por estos problemas e xente que se puxo en contacto con nós, que nos manifestou o seu desagrado con estas declaracións, xente que está moi molesta, xente de asociacións, xente que leva moitos anos loitando por esta accesibilidade, por unha cidade moito mais humana inclusiva, e xente Sra. Rosa, lle vou a decir, que non están en absoluto dacordo coa súa postura e posición nesta moción. Non está vostede sola neste mundo, hai moita mais xente; e mire, voulle a decir unha cousa, nós xa lle temos perdonado á Sra. Esther, pero é que en política os erros non se perdonan así, eu lle perdonaba, pero en política o que ten que facer é dimitir, e si non o fai ela quen debería de facela dimitir é vostede, porque así é como se sustancian en política as responsabilidades. Por eso, como nós non a podemos facer dimitir, o que pedimos é a súa reprobación.

Sra. Rosa, vostede sabe perfectamente que cando eu falei de acoplados, me estaba referindo ao seu voto e ao seu grupo, si non lle gusta acoplado lle vou a decir que vostede sempre une o seu voto ao partido Popular cando lle fai falta, é como as naves nodrizas nas películas interplanetarias que se acoplan á ave nodriza, ojalá algún día se desacople da nave nodriza e volva a ser o partido progresista que dí vostede que é.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que como vostede da os carnets de progresistas, pois, o ideoloxista teno vostede nada mais, non se preocupe, pero vostedes tamén se acoplan ao Facebook, e estou esperando a primeira moción que chegue aquí, antes de que vostedes a lean por ahí, pois, tamén lle podemos decir que traballen un pouquiño en prol da accesibilidade e en prol de todo. De novo volvemos ao mesmo. Quen non está en contra de todo tipo de violencia?, Quen é o que está comparando si é o mesmo a violencia machista ou feminista?, vostedes son os que están decindo eso, non o dixo a Sra. Patiño. Entonces, me parece moi ben, que queiran sacar de contexto as frases pero a Sra. Patiño non o puxo ao mesmo nivel, o que dixo é que se acabara unha e outra, os que o poñen ao mesmo nivel son vostedes. Os que fan en contra precisamente de esa diferenza que hai dunha a outra, son vostedes, querendo buscar un oco onde non o hai, e unha intención onde non a hai. A min eso, me parece a política barata.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Entonces, lle estou decindo que o día que me falle como concelleira, ese día eu cesarei pero como concelleira non me fallou nunca, e posiblemente esa frase noutro contexto oral que non tiña porqué entenderse en ningún momento que se estaba, cando un dí por ahí vai unha silla de rodas, non se está falando peyorativo dunha persona e cando se lee nun contexto pode parecer moito mais fuerte do que na realidade nas palabras é, e como eu conozco á Sra. Patiño, sei o contexto e o que estaba decindo con eso, e vostedes o sabían porque tamén a conocen.

O resto é buscar os 3 pes donde non o hai, polo tanto, mentras me siga demostrando a sua sensibilidade con todo tipo de personas que están a sufrir algún tipo de discriminación de calquer xeito en Riveira, vai a ter o meu apoio a morte, e personalmente eu admiro á xente que mira á cara e dí o que ten que decir.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: Sr. Alcalde, a frase textual é: que termine el maltrato tanto machista como feminista. Está igualando os dous.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que a frase o que pide é que se termine, igualar a gravidade dun e doutro, o iguala vostede.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: o maltrato feminista.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí, perdón, pero me deixa falar, vostede xa falou, xa intentou convencer a todo o mundo de que esta Sra. Concelleira distingue entre maltratos, pois, non, o que está decindo é que remate, e quen lle está intentando decir que o iguala é vostede, así que non vamos a entrar nesas disyuntivas porque está ben claro que vostede tergiversa o que as personas din.

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) dí por alusións: eu podo ser fascista pero todavía non reparto quen é demócrata e quen non é demócrata, e para min a falta de respeto democrático é tremenda, e tódolos que son elixidos para min son iguais, unhas veces votarei con uns e outras veces votarei con outros, pero como son fascista quen se califica a sí mesmo é vostede.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: nadie lle dixo eso Sra. Rosa. Quén lle dixo eso?. Por favor, Sr. Alcalde, está aquí o Secretario, esa palabra aquí solo a dixo ela.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que acabouse a discusión, cando un non respeta a quen pode votar a unha persona, pois, xa o condiciona, pois, cada un que decida como queira, pero eu respeto o seu voto cando me gusta e cando non me gusta, entonces, me gusta que os demais fagan o mesmo, igual teño mais poder de persuasións con uns que con outros.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: pero todos podemos decilo, si nos gusta ou non nos gusta.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que a Sra. García Pose podrá calificar ese tipo de aseveracións como lle parece.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: é que parece que non se pode decir que IPdeR une os seus votos ao partido Popular; non se pode decir que IPdeR une os seus votos ao partido Popular?,





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

normalmente en votacións fundamentais está acoplada ao partido Popular; non se pode decidir?.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que seguramente si eu digo eso de calquer concelleira que se acopla con vostedes no seu voto, me dirían que son un asqueroso machista, polo tanto, respete, que é o que eu pido neste pleno porque a intelixencia dos 20 que eu teño en fronte sei que é suficiente como para poder decidir as cousas de calquera de nós có máximo respecto, e si non se fai a veces tamén hai que escoitar da outra parte o que pensa do que decimos. Dito eso, e para que non haia confusións porque na comisión informativa votouse negativamente, polo tanto, eu tería que refrender o da comisión informativa, pero como pode haber erros no que é a intención de cada un, sometemos de novo a votación.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: oito (8) votos (catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, e un voto do concelleiro do grupo municipal C,s).

-Votos en contra: trece (13) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Abstencións: ningunha.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen desfavorable da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo, en sesión celebrada o día 18/09/2018, por maioría absoluta dos seus membros, acorda:

Rexeitar a aprobación desta moción, relativa a:

Reprobar a María Esther Patiño Rey concelleira delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, e Igualdade polas súas declaracións discriminatorias e pouco rigorosas realizadas en temas de igualdade e accesibilidade.

Auséntase nestos intreos do salón de sesións a concelleira María Dolores Elorduy Callón (non adscrita)





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

**16.- PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO M.
CIUDADANOS PARA “LA GARANTÍA DE LA SEGURIDAD Y
CONVIVENCIA CIUDADANAS FRENTE A LA OCUPACIÓN ILEGAL DE
VIVIENDAS”.**

O concelleiro Sr. Cardalda Novo do grupo m. Cs, presenta moción en nome deste grupo, de data 12 de setembro de 2018 (rex entr. 12-09-2018, nº 13.139) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Los delitos de ocupación de edificios y viviendas, calificados como "usurpación" y tipificados en el Código Penal como utilización de inmuebles ajenos sin autorización (art. 245.2) o de forma violenta (art. 245.1) han experimentado un crecimiento durante los últimos años en nuestra ciudad, en muchos casos promovida por grupos de delincuencia organizada, bien como meros intermediarios que tratan de obtener un lucro aprovechándose de la desesperación de muchas familias que carecen de una vivienda o que la han perdido en un desahucio, o bien que utilizan el inmueble ocupado como base de operaciones para otras actividades criminales (como es el caso del tráfico de drogas en los denominados "narco-pisos").

Este crecimiento en los casos de ocupaciones ilegales tiene su origen, por un lado, en una carencia de instrumentos legales que permitan reaccionar frente a las mismas una vez constatadas y promover un desalojo efectivo de los inmuebles en un plazo breve de tiempo y, por otro, en una escasez de medios humanos y materiales para poder llevar a cabo la detección de estas ocupaciones y ejecutar las correspondientes órdenes de desalojo.

La falta de respuesta por parte de los poderes públicos está generando una sensación creciente tanto de desprotección para los legítimos propietarios de las viviendas ocupadas como para los vecinos que tienen que enfrentarse a este tipo de situaciones sin que se haga nada al respecto, así como de impunidad para las mafias que realizan este tipo de actividades delictivas.

Por otra parte, cualquier iniciativa que aborde el fenómeno de las ocupaciones ilegales no puede ser ajena al origen que lleva a muchas familias a verse en manos de estas organizaciones criminales, que no es otra que la situación de necesidad de una vivienda cuyos costes no pueden





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

afrontar o de la que se han visto privados tras un desahucio, en la mayor parte de los casos, por circunstancias sobrevenidas y ajenas a su voluntad tras la reciente crisis económica.

Teniendo presente todo lo anterior, el Grupo Municipal Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía presenta al Pleno Ordinario el siguiente:

ACUERDO

1. Dado el aumento de los delitos contra el patrimonio y el deterioro de convivencia vecinal motivados por estas ocupaciones ilegales el Ayuntamiento pondrá en marcha un Plan de Protección de la Convivencia y Seguridad Vecinal contra la ocupación ilegal que incluya, entre otras medidas, la creación de una «Oficina de Defensa de los Derechos de los Vecinos afectados por la Ocupación Ilegal», como órgano encargado de la función de velar por la seguridad y la convivencias vecinales afectadas por la ocupación ilegal.

Esta Oficina contará con una unidad de seguimiento contra las ocupaciones ilegales para coordinar las acciones de vigilancia e instruir los expedientes administrativos que acrediten los hechos contrarios a las Ordenanzas vigentes en materia de convivencia vecinal y de protección ciudadana partiendo de los hechos denunciados en el punto centralizado de atención vecinal contra la usurpación y así pueda servir como prueba en los procesos judiciales pertinentes.

2. Que se refuerce de forma inmediata, la presencia policial y patrullaje preventivo en las zonas afectadas por el problema de la ocupación.

3. Que en plazo máximo de tres meses se inicien los trabajos de elaboración de un censo de viviendas ocupadas cuantitativo y cualitativo, donde se indique el tipo de ocupación, diferenciando las ocupaciones mafiosas y las de las personas que las realicen por razones de necesidad. Todo ello respetando la normativa sobre protección de datos.”

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 18/09/2018.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) quen dí: bueno, a verdade é que a min esto quedame un pouco grande, é que non sei porque me parece que para Riveira que tanta situación no hai, eu creo que si él está dacordo e o equipo de Goberno está

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 68 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035
Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

dacordo, o primeiro que tiñamos que ter é un balance daquelas vivendas que están abandonadas e que non están pechadas con ladrillos, que é onde entra mais a xente, e cantas vivendas hai vacias que podan ser ocupadas porque senon aprobar todo esto, unha cousa é que ti teñas un inquilino que non che pague e outra cousa que ocupen unha vivenda, entón, eu si estás dacordo ou añadindo un punto como un balance da situación real das vivendas de Riveira.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que, en todo caso, sacando a palabra mafiosa e buscando outro, en todo caso, o que pode aclarar a situación é o punto 3º, porque eu coincido coa Sra. García Pose, que independentemente de que se poda dar algún caso de ocupación ilegal, en Riveira non hai, hai algunha temporal de personas que non teñen teito, desgraciadamente viven no mundo da droga, desgraciadamente para eles, e que buscan cobijo pero igual que buscan tamén se van, pero ocupacións ilegais poucas houbo, agora unha quizá nun lugar donde se necesite é nas vivendas sociais e se retiraron a esas personas para poder darllo a personas necesitadas, pero esa situación que vostede pide na hai, podemos facer un informe da Policía Local, con Servicios Sociales, incluso solicitándolle á Nacional, eu supoño que é o que lle sitúa á Sra. García Pose na súa solicitud.

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: nós imos a votar a favor desta proposición. Consideramos que a vía xudicial é moi lenta e con estas medidas que propón o Sr. Cardalda se podría axilizar a solución do problema.

Efectivamente, o punto 3º é complicado de reflexar na realidade xa que o domicilio é inviolable e non podes invadir a intimidade das persoas.

O concelleiro Luís Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG) dí: en base aos razonamentos expostos polo grupo de Ciudadanos, dende o BNG gustaríanos preguntar porque o descoñecemos, si se pode falar de zonas ocupadas por ocupación en Riveira. Nós creemos que este problema pode darse en urbes con mais poboación e con mais extensión que a propia Riveira, mais aparentemente aquí, pode haber algún problema puntual de ocupacións ilegais ou problemas de convivencia, pero non creemos porque o descoñecemos, pero a nosa apreciación non é así é de que se dean por parte de organizacións criminais.

En relación á ocupación de vivenda, que se fai diferenza entre si é unha ocupación ilegal por parte de mafias ou si son por persoas que a realizan por necesidade, a min gustaríame lembrar que no ano 2016 en maio, este grupo municipal do BNG presentaba unha proposición para que o Goberno de Riveira negociase coas Entidades Bancarias a cesión dalgunha das 3.000 vivendas que hai baleiras no noso municipio ou, polo menos, que había naquel momento. Lamentablemente esta proposición non se levou adiante por votos en contra do PP e Ciudadanos, entre outros, e gustaríanos que se fixese posible que o Concello de Riveira puidese negociar a cesión dalgunha destas vivendas baleiras para casos de emerxencia social, desafiuzamentos, entre outras.

Tamén temos dúbidas de que có reforzo da presenza policial e a patrulla H preventiva, poidan dar solución a todos estes problemas, creemos que tamén é





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

necesario concienciar, mellorar as actividades que se fan no ámbito da concienciación, mais alá de que a presenza policial poda reducir este problema; pero en todo caso, nós o que creemos é que primeiro debería facer un traballo como o que pon aquí no punto 3º, e despois en base a ese traballo e a esas conclusións que se realicen, pois, acadar unhas acordos ou outros.

Creemos que adoptar acordos sin ter un estudio previo realizado por parte de Técnicos municipais, pois, sería tomar un acordo un pouco no aire.

En todo caso, a nosa proposta é que se o grupo municipal de Ciudadanos nos permite votar por puntos, nós estaríamos dispostos a apoiar o punto 3º, ao mellor dándolle outra redacción pero básicamente esa elaboración dese estudo sí que estaríamos en disposición de apoiala.

A concelleira M^a Herminia Pouso Maneiro (portavoz do grupo m. PP) dí: Sr. Cardalda, a moción que vostede presenta eu creo que ten pouca relación con Riveira, polo menos os casos que temos observado de personas que ocupan vivendas que están sin vender, que están en poder dos francos son personas que están en situación, digamos, de consumo, son os típicos que están sin techo, que están nunha situación dunha alta vulnerabilidade. Non temos constancia do resto das situacións que vostede reflexa aquí.

Ben, eu creo que escápase ás competencias municipais, un pouco a filosofía e o que se pretende con esta moción, pero sí se estaba tramitando no Congreso dos Diputados en Madrid, sí se había aprobado no Congreso, unha modificación da Lei que iba precisamente contra esas ocupacións; o que non é lóxico é que alguén que deixa a súa casa porque se marcha unhas días fora, pois, que cando chegue de volta, resulta que teña a personas dentro e que se encontre o propietario da vivenda na calle e iniciando unhas accións xudiciais, evidentemente, a eso hai que buscarlle unha solución.

Nesa modificación lexislativa o que se trataba era precisamente de protexer aos propietarios, non se metían ahí na cuestión desas vivendas que pertencían a eses fondos buitres, nin se pretendía con esta modificación lexislativa protexer as vivendas que estaban en poder das Entidades Bancarias, senon que o que estábamos intentando era darlle solución a propietarios de vivendas que se poden encontrar en esta tesitura.

As únicas demandas que se atenderon no Concello dende a área de Servizos Sociais foron para asesorar personas vulnerables susceptibles de perder a súa vivenda, para as que existe ademais un programa de asesoramento na Xunta de Galicia, un programa de axuda para garantir o dereito á vivenda, pero que ten unha finalidade e destinatarios completamente distintos ao que vostede está plantexando.

En calquera caso, tamén calquer ciudadano pode acudir a un servizo de asesoramento legal e gratuito, sempre e cando reúna os requisitos dos límites de ingresos establecidos legalmente. Pódese acceder aos impresos de solicitude a través do Colexio de Avogados da Coruña vía online ou no propio Xulgado, eso sempre que aquelas personas que necesiten asesoramento gratuito se puideran encontrar en calquera circunstancia.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/ Secretaría Xeral/ Juan Manuel Salguero del Valle

O Concello non pode intervir en asuntos que son de competencia xudicial, xa que as casuísticas que vostede plantea estaríamos falando de delitos ou, no seu caso, cuestións relacionadas co dereito civil que so poden dirimirse nos Xulgados. Tampouco teríamos a chave para, digamos, dende aquí solucionar esa lentitude que acusa todo o sistema xudicial.

De todos xeitos, si que coincidimos con vostede en nesa demanda incrementando a presenza policial, pois, pode servir, digamos como medida disuasoria para que se produza irregularidades ou anomalías, ou para que patrimonios privados estén en risco, eu creo que vai a ser interés de todos, por eso, habría que empezar, como ben se dixo aquí, inicialmente por ter un control de tódalas vivendas que están neste momento vacías e que son susceptibles de sufrir ocupacións do nivel do que vostede plantexa.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que antes de que acabe Sr. Cardalda, polo que escoitei do resto dos grupos, o que podría ser unha emenda entendo polo grupos e polo que vostede dixo que se podría aprobar sería:

Que no prazo máximo de tres meses se inicien os traballos de elaboración dun censo de vivendas ocupadas cuantitativo e cualitativo, donde se indique o tipo de ocupación, diferenciando o das persoas que as realicen por razóns de necesidade e outras causas. Todo elo respetando a normativa de protección de datos e en función do mesmo se tomen as medidas oportunas ou as medidas que o Pleno considere.

=====

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) propón neste momento que a **emenda de substitución** á proposición do concelleiro Sr. Cardalda Novo do grupo m. Cs, quede redactada como se transcribe textualmente:

“Que no prazo máximo de tres meses se inicien os traballos de elaboración dun censo de vivendas ocupadas cuantitativo e cualitativo, donde se indique o tipo de ocupación, diferenciando o das persoas que as realicen por razóns de necesidade e outras causas. Todo elo respetando a normativa de protección de datos e en función do mesmo se tomen as medidas oportunas ou as medidas que o Pleno considere.”

=====

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cs) di: que **acepta a emenda**.

=====





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

O Sr. Alcalde somete a votación:

Emenda de substitución redactada da seguinte maneira:

Que no prazo máximo de tres meses se inicien os traballos de elaboración dun censo de vivendas ocupadas cuantitativo e cualitativo, donde se indique o tipo de ocupación, diferenciando o das persoas que as realicen por razóns de necesidade e outras causas. Todo elo respetando a normativa de protección de datos e en función do mesmo se tomen as medidas oportunas ou as medidas que o Pleno considere.

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a proposición do Sr. Cardalda Novo, relativa á garantía da seguridade e convivencia cidadanas fronte á ocupación ilegal de vivendas, *coa emenda de substitución do Sr. Alcalde do grupo m. PP, que acepta o propoñente da proposición*, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinte (20) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e dous votos dos concelleiros non adscritos Asier Casais Alvarez e M^a José Brión Díaz).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos membros presentes.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 18/09/2018, por unanimidade dos membros presentes, **acorda:**

Que no prazo máximo de tres meses se inicien os traballos de elaboración dun censo de vivendas ocupadas cuantitativo e cualitativo, donde se indique o tipo de ocupación, diferenciando o das persoas que as realicen por razóns de necesidade e outras causas. Todo elo respetando a normativa de protección de datos e en función do mesmo se tomen as medidas oportunas ou as medidas que o Pleno considere.

Auséntase nestos intres do salón de sesións a concelleira María José Brión Díaz (non adscrita)

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 72 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

17.- PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO M. CIUDADANOS SOBRE “REPARACIÓN E MANTEMENTO NA AVDA DA PAZ E MANTEMENTO E SEGURIDADE VIARIA NA AVDA. DA CORUÑA”.

O concelleiro Sr. Cardalda Novo do grupo m. Cs, presenta moción en nome deste grupo, de data 12 de setembro de 2018 (rex entr. 12-09-2018, nº 13.140) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Avenida da Paz é unha das vías de acceso máis importantes á nosa cidade e unha das que acumula maior tránsito de vehículos en xeral, e vehículos pesados en especial. Debido a isto, o desgaste da mesma é máis acusado que en outras vías da cidade. Actualmente, hai varias zonas concretas nas que se pode observar un importante deterioro do asfalto con buracos de grande envergadura, o que supón un alto risco para a seguridade da circulación, e máis tendo en conta que é unha zona con alta concentración de accidentes, na que ademais se circula a unha velocidade, en moitos casos, excesiva.

Por outra parte, tralas demandas veciñais recibidas por distintos veciños e usuarios da Avenida da Coruña, concretamente na zona do Caramcheiro, á altura da Escola de Educación Infantil Deán Grande, por mor dos accidentes que últimamente se deron lugar na zona, incluso con vítimas mortais, e tendo en conta a elevada peligrosidade, pola proximidade á mencionada escola infantil, consideramos de urxente necesidade, dado o inicio do curso escolar, o acondicionamento e control da seguridade na vía.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de Cidadáns propón a adopción dos seguintes ACORDOS

Con respecto á Avenida da Paz:

1. Instar á Administración competente a que proceda á adecuación do firme e asfaltado da zona .

Con respecto á Avenida da Coruña:





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

1. Que se realice un estudio para evaluar a necesidade de implementar medidas que aumenten a seguridade na zona, entre as que propoñemos:

- Reducción do límite de velocidade a 30 km/h con sinalización vertical luminosa de proximidade de paso de peóns que da acceso á escola infantil e pintado do mesmo dado o seu estado.”

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 18/09/2018.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) quen dí: IPdeR aproba a moción.

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: desde o grupo municipal Socialista tamén imos a apoiar a proposición.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que por aclarar dous puntos. O punto 1º, estamos dacordo en que o arreglen. Ahí ten un problema, eu voulle a propoñer unha cuestión non sei o que opinará o Pleno. Esa era unha carretera da Deputación que partía cerca “desta curva”, e que enlazaba e seguía cara á Curota, polo tanto, todo o que se fixo desde o Lidl, por decilo así desde a rotonda, fixo a Xunta, pero a partir de ahí hasta arriba teóricamente vai nunha competencia ou nunha estrada que da Deputación, excluindo a Carballa, que iba por dentro da Carballa e agora vai por fora. Polo tanto, ahí eu non me aclaro, nin eles se aclaran, quen é o competente, ao final o único que vota piche de vez en cando, e non en toda a súa extensión, é o Concello. Eu o que propoño, igual ás Administracións que nos dirixamos para que o arranxen e si o arranxan o Concello estaría disposto a que o tramo urbano, é decir, hasta a entrada da autovía, pasara a competencia municipal, pero previamente que o arreglaran porque non sabemos e mentras tanto non o vai a arreglar ninguén, e incluso, si nolo arreglan mellor sin que o Concello o colla porque é unha calle amplia e, bueno, e tampouco vexo que houberan feito tantas reparacións nos 15 anos que levo aquí.

Entonces, vamos a dirixirnos tanto á Deputación como á Xunta para que aclaren a titularidade desa estrada, nos seus tramos hasta a rotonda de entrada da autovía, e previas as comprobacións arranxen esa estrada; e punto 2º, que o Concello unha vez arranxada estaría disposto ca Administración competente a asumir a competencia da mesma.

Con respecto ao punto 2º decirlle duas cousas, a última vez que me dirixin e teño o escrito xa de maio, á Xunta de Galicia, a Consellería de Infraestructuras, pois, xa lle manifestábamos todas esas carencias desa vía, quedaron en miralo e non contestaron a día de hoxe, e polo tanto, eu o que sí lle podo decir, que dentro dunhas partidas que todavía quedaban do remanente do 2017, que unha das cuestións que se vai a facer precisamente en accesibilidade é que cando menos no cruce de Aguiño, de Castela con carretera Xeral, que nos pasos de peatóns da





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Avda de Ferrol e no da Coruña que se poñan señales luminosas e si chegan os cartos que se poñan señales nos propios pasos de peatóns para mellorar a seguridade, porque o de 30 km/h xa lle digo que non o aceptan porque é nunha estrada, que non baixan de 50 en ningún lado ao igual que non nos deixan meter badéns; e o máximo que facemos de vez en cando é conseguir unha rotonda e disminuir a velocidade, pero si quere lle reiteramos o de 30 pero xa lle digo que non me contestaron ao do mes de maio.

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cs) en termos de réplica dí: eso porqué, porque non é zona urbana?.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que é zona urbana pero a carretera é competencia da Xunta, é unha carretera que teóricamente chega hasta Cee, e en todo o seu tramo en ningún lado conozco que deixen badéns; pasa en nucleos como Portosín, como Porto Son, etc.,etc, e o máximo que reducen son con señales luminosas de 50 que é o que lle podemos propoñer, o outro, xa lle digo, en todo caso, reiterarlle o escrito que lle mandei e que nos contesten, agora o Concello vai a sinalizar o que son esos pasos de peóns.

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cs) en termos de dúplica dí: algún Colexio ten limitación a 30?.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que sí, hai Leliadoura e algún mais, e nós quedamos en reducir a velocidade nalgún sitio mais do Concello. Si quere reiteramos o escrito de que tomen as medidas oportunas para mellorar a seguridade vial na Avda da Coruña.

=====

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) propón neste momento que a **emenda de substitución** á proposición do concelleiro Sr. Cardalda Novo do grupo m. Cs, quede redactada como se transcribe textualmente:

“1º. Dirixirse á Xunta e a Deputación para que aclaren a titularidade desa estrada, nos seus tramos hasta a rotonda de entrada da autovía, e previas as comprobacións arranxen esa estrada. 2º. Que o Concello unha vez arranxada estaría disposto ca Administración competente a asumir a competencia da mesma.”

=====

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cs) dí: que **acepta a emenda**.

=====





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

O Sr. Alcalde somete a votación:

Emenda de substitución redactada da seguinte maneira:

1º. Dirixirse á Xunta e a Deputación para que aclaren a titularidade desa estrada, nos seus tramos hasta a rotonda de entrada da autovía, e previas as comprobacións arranxen esa estrada.

2º. Que o Concello unha vez arranxada estaría disposto ca Administración competente a asumir a competencia da mesma.

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a proposición do Sr. Cardalda Novo, relativa a reparación e mantemento na Avda da Paz e mantemento e Seguridade viaria na Avda da Coruña, *coa emenda de substitución do Sr. Alcalde do grupo m. PP, que acepta o propoñente da proposición*, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: dezanove (19) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e un voto do concelleiro non adscritos Asier Casais Alvarez).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos membros presentes.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 18/09/2018, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1º. Dirixirse á Xunta e a Deputación para que aclaren a titularidade desa estrada, nos seus tramos hasta a rotonda de entrada da autovía, e previas as comprobacións arranxen esa estrada.

2º. Que o Concello unha vez arranxada estaría disposto ca Administración competente a asumir a competencia da mesma.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/ Secretaría Xeral/ Juan Manuel Salguero del Valle

18.- PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO M. PSdeG-PSOE SOBRE “CIRCULACIÓN NO CRUCE DA RÚA DE GALICIA COA RÚA DA BARREIRA E O ACCESO AO MALECÓN”.

O concelleiro Sr. Vilas Álvarez do grupo m. PSdeG-PSOE, da lectura á moción presentada por el en nome deste grupo, de data 11 de setembro de 2018 (rex entr. 12-09-2018, nº 13.148) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante as suxerencias e demandas reiteradas por varios veciños do Concello, sobre as dificultades de circulación no Cruce da rúa de Galicia coa rúa da Barreira, e o acceso ao Malecón, nunha zona de elevada presenza habitual de tráfico rodado, e en pleno pulmón da cidade de Ribeira; fixemos unha valoración das mesmas, chegando a conclusión de que, efectivamente dito Cruce require dunha actuación de regulación e ordenación do tránsito.

Na vía da rúa de Galicia en dirección ao Cruce de Padín, ou en dirección a Avenida do Malecón preséntansenos un sinal de STOP, que fai que obrigatoriamente teñamos que parar o vehículo.

Pola contra, baixando dende a rúa da Barreira, temos vía libre para acceder a rúa de Galicia, ou a avenida do Malecón.

Esta situación causa problemas nos condutores a hora de valorar as condicións de preferencia na intersección, cando coinciden dous vehículos no sentido de circulación, o que provoca non poucos accidentes, algúns de certa consideración.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, insta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira á adopción do seguinte, ACORDO:

1.- Que polos servizos técnicos da Policía Local do Concello de Ribeira se proceda a valorar a posible eliminación do sinal de STOP da rúa de Galicia, para permitir a libre circulación (de fronte a Padín/dereita ao Malecón); e que na rúa da Barreira se proceda tanto a colocación dun sinal horizontal (pintado na calzada), e vertical de CEDA O PASO (a man dereita).

2.- Ao noso entender, este sencillo cambio de sinalización, poñería orden a zona reseñada, e evitaría en gran medida os problemas de circulación e accidentes.”

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

celebrada o día 18/09/2018.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) quen di: nós aprobamos o 1º punto, que sea a Policía Local quen faga un estudio de canalización. Eu teño que decir, compañeiro Vilas, que baixo tódolos días por ahí, durante todo o inverno de lunes a viernes, ás dúas menos cuarto e ás cinco da tarde, e non temos problemas, pero como creo que quen sabe é a Policía Local que faga un estudio.

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. C,s) di: nós tamén vamos a votar a favor da moción. Ahí, hai un pequeno conflito, hai unha pequena dúbida e entón creo que sería bo o estudio da Policía Local.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) di: nós tamén imos a votar a favor Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que agora explico eu e a ver si chegamos a un acordo, Sr. Vilas. O informe da Policía Local é negativo, é decir, a Policía Local sostén que hai que darlle preferencia á saída de Riveira polo lugar que mais tráfico leva, que é a Avda da Barreira, e que por outra parte, con eso, dando preferencia á saída, se pode evitar colapsos, eu a verdade nunca vin un colapso, e por outra parte, o que dín é que si non teñen un stop ou un ceda ao paso en rúa Galicia, o que queda é unha recta moi grande, có cal poderían tomar moita velocidade.

Dito eso, eu creo que hai unha parte de razón que pode ter a Policía, que é que efectivamente corremos o risco de que puidera coller o coche velocidade, que sale do mercado e sabendo que ten sempre preferencia, pois, que en vez de ir a 30, acabe indo a 60 ou a 70 porque ten preferencia.

Dito eso, eu non son Policía Local pero coincido mais con vostede que cá Policía Local, eu creo sinceramente que alí se da unha situación en que un coche pasa, o stop o ten diante de Efectos Navales, pero cando chega arriba hai moitos coches que se creen que teñen preferencia e entón ahí veñen os conflitos. É mais, algúns dos que son amigos de leer en Facebook, eu un día metínme porque un coche viña aparentemente lexos, vexo que acelera, tuven que frenar como un poseso y al día seguinte leí en Facebook, hoxe quixen frenar al gaviota mayor, xa non nos pegamos, con perdón, la hostia en el coche, porque Dios no quiso, simplemente para demostrarme que el tiña preferencia; cando eu creo que non a tiña, pero quero decir que ese conflito haino moitas veces. Que é o que propono eu?, é o seguinte, que nos reunamos ca Policía Local e que estudiemos a proposta mais axeitada. A min, despois de estudialo que é o que me parece que se podía facer?, si vostede mira as suas fotos, xusto donde están os contenedores, hai un triángulo que sale para afora, é decir, que ocupa a vía pública. Ese triángulo podíase sacar, e hasta os contenedores podíase ampliar o aparcamiento de dous coches que hai vindo da Barreira, facer que eso sea a carga e descarga, en vez de dous, tres; sacar a carga e descarga que hai diante da farmacia, porque quedaría pegada polo outro lado; e a partir de ahí, eu creo que entón si xa encontramos carriles, é decir, o que salga de Riveira, tanto por Avda da Barreira como Rúa de Galicia, a min dame igual que o diga a Policía Local o que teña preferencia; eso





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

simplemente é unha señal dun deles dun ceda el paso pero xa mais adiante, en cambio o que vaia para o Malecón, que veña da Barreira, podemos facer ou ben pintado, ou ben, cun pequeno bordillo que vai por ese carril que hoxe en día sería o que ocupa a carga e descarga e poñerlle un stop, polo cual, o que vaia desde a Barreira hacia o muelle sabe que ten un stop porque a preferencia a ten o de rúa Galicia, e a partir de ahí, unha vez que falemos ca Policía Local si considera que xa debemos ter todo como vostede dí o da rúa Galicia, que eu sempre pensei que é mais ventaxoso, e a outra sería que en todo caso, adiantaríamos o stop tamén do que ven da rúa Galicia, á altura de donde se para.

Non sei si me entenden, serían dous carriles e si lle parece, pois, o que facemos, é que teñamos unha xuntanza os grupos coa Policía Local para mellorar a zona. Eu si tivera que elixir entre a miña opinión un pouco de profano, do que vostede dí, e o da Policía Local, inclínome mais polo que dí vostede, pero bueno, vámoslle a propoñer esto á Local a ver que é o que opina. Eu pídolle unha reunión a tódolos grupos có xefe da Policía e buscamos unha solución.

=====

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.), propón que quede pendente a proposición do concelleiro Sr. Vilas Alvarez do grupo m. PSdeG-PSOE, de data 11 de setembro de 2018 (rex entr. 12-09-2018, nº 13.148), en relación á circulación no cruce da rúa de Galicia coa rúa da Barreira e o acceso ao Malecón.

=====

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) acepta que quede sobre a mesa.

=====

Non hai votación expresa.

O Sr. Alcalde dí que se aproba por unanimidade dos membros presentes, que quede pendente a proposición do concelleiro Sr. Vilas Alvarez do grupo m. PSdeG-PSOE, de data 11 de setembro de 2018 (rex entr. 12-09-2018, nº 13.148), en relación á circulación no cruce da rúa de Galicia coa rúa da Barreira e o acceso ao Malecón; ata que os grupos municipais se reunan co xefe da Policía Local para estudar as alternativas posibles e darlle solución.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

O Pleno da Corporación Municipal queda enterado de que queda pendente esta proposición, ata que os grupos municipais se reunan co xefe da Policía Local para estudar as alternativas posibles e darlle solución á circulación no cruce da rúa de Galicia coa rúa da Barreira e o acceso ao Malecón.

19.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN CONTRARIAS AOS REPAROS DE INTERVENCIÓN.

Visto o informe do Interventor Pablo Bao Castro de data 10 de setembro de 2018, “Asunto: Resolucions de Alcaldía e acordos do Pleno contrarios aos reparos efectuados pola Intervención no ano 2017”, que consta no expediente na sesión.

O Pleno da Corporación Municipal queda enterado, do informe do Interventor Pablo Bao Castro de data 10 de setembro de 2018, “Asunto: Resolucions de Alcaldía e acordos do Pleno contrarios aos reparos efectuados pola Intervención no ano 2017”:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Resolucions de Alcaldía e acordos do Pleno contrarios aos reparos efectuados pola Intervención no ano 2017.

O artigo 218 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, modificado pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración Local establece o seguinte:

“1. El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice. Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.”

Así mesmo, o artigo 15.7 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, amplía esa obriga aos acordos do Pleno contrarios aos reparos formulados.





**CONCELLO
DE
RIVEIRA**
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/ Secretaría Xeral/ Juan Manuel Salguero del Valle

De acordo con este artigo, esta Intervención manifiesta que durante o exercicio 2017 as resolucións de Alcaldía contrarias aos reparos efectuados foron as seguintes:

EXPEDIENTE REPARADO	MOTIVO DO REPARO	DATA DO INFORME
Monitores de deportes (xaneiro a decembro)	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	17/01/2017 03/03/2017 20/03/2017 12/04/2017 12/05/2017 07/07/2017 06/09/2017 22/09/2017 07/12/2017
Pago gratificacións	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	28/06/2017 27/09/2017 22/12/2017
Relación de facturas 8/2017	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	08/03/2017
Relación de facturas 22/2017	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	06/06/2017
Relación de facturas 33/2017	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	10/08/2017
Relación de facturas 40/2017	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	28/12/2017
Relación de facturas 47/2016	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	23/11/2017
Relación de facturas 54/2016	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	29/12/2017
Relación de facturas 55/2017	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	29/12/2017
Factura motobomba	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	13/12/2017
Desfile de moda.	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	31/08/2017

Os acordos do Pleno contrarios aos reparos efectuados por este Intervención foron os seguintes:

EXPEDIENTE REPARADO	MOTIVO DO REPARO	DATA DO INFORME
---------------------	------------------	-----------------





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Relación de facturas 24/2017	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	12/06/2017
---------------------------------	--	------------

Riveira, á data da sinatura dixital. O Interventor. Pablo Bao Castro”.

**20.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA ATA O DÍA
18 DE SETEMBRO DE 2018 (ART. 42 DO ROF).**

De acordo co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 123.1.a do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Riveira, o Sr. Alcalde-presidente da conta dos decretos asinados dende a derradeira sesión Plenaria Ordinaria.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que os decretos firmados pola Alcaldía están a disposición ata a data 18 setembro 2018 en secretaria xeral do Concello.

O Pleno da Corporación Municipal queda enterado, non producíndose manifestacións nin opinións en contra.

21.- MOCIÓN DE URXENCIA.

Non se presentan.

22.- ROGOS E PREGUNTAS.

Procédese a tratar os rogos e preguntas polo seguinte orde:

- Rogos.

1º.- Rogo do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez. (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE), de data 20 de setembro de 2018 (rex entr. 20-09-2018, nº 13.519) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 82 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018 MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035
Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Veciños do lugar dos Castelos-Aguiño, véñse en apuros para poder cruzar a carretera CP-7306, e poder acceder a marquesina da parada de autobuses.

E outros tamén, para poder facer un uso adecuado dos contenedores do lixo ubicados nas inmediacións.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE Ribeira, faille ao Grupo de Goberno o seguinte, ROGO

Que por parte de quen corresponda, Departamento de Seguridade Vial ou Alcaldía, se proceda a confeccionar un estudio sobre a necesidade de habilitar un paso de peóns, debidamente sinalizados horizontal e verticalmente, no lugar dos Castelos-CP-7306, a altura da marquesina da parada de buses.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que si a Deputación non rebaixa a velocidade, non pode haber un paso de peatóns que non haia unha velocidade limitada como máximo a 50; eu reiteirareille a súa solicitude á Deputación e si nos permiten, efectivamente, de todas formas esa zona vai a mellorar a seguridade vial porque a brigada de obras ten orden de acometer as beirarrúas que quedaron sin facer do lado esquerdo.

2º.- Rogo do concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG), de data setembro de 2018 (rex entr. 19-09-2018) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre os problemas que se poden atopar as usuarias/os dos aparcadoiros municipais gratuitos un deles é que, ao non estaren marcadas as prazas de aparcamento, ás veces quedan bloqueados os coches sen poder saír. Xa se levan producidos varios casos, que tiveron serias consecuencias para os propietarios dos coches atrapados. A policía local, segundo comentan, non pode resolver estas situacións, precisamente, polo feito de non estar marcadas as prazas.

Por iso, o grupo municipal do BNG de Ribeira,

SOLICITA

Que se estude a mellor maneira de marcar as zonas de aparcamento, os seus limites, ángulos mortos nos que non se pode aparcas, etc, a fin de evitar estes problemas as usuarias/os.”





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que tan pronto teñamos fondos, a mín o que me gustaría facer, igual que se fixo en Fernández Ojuo, que en cada unha destas zonas houbera un plan explicativo de como aparcas, despois o único que esperamos é que os respeten.

3º.- Rogo do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez. (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE), de data 18 de setembro de 2018 (rex entr. 19-09-2018, nº 13.463) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No lugar do Touro, na parroquia de Ribeira, contamos como patrimonio público unha fermosa fonte de auga de manantial.

Hoxe en día, está pasando por unha mala época, vendo como o tempo de abandono pasa por alí, sin que nadie repare na súa falta de atención e mantemento.

A falta de limpeza do acceso e do elemento arquitectónico fai que non se poda visitar o lugar, ante a desilusión e malestar dos veciños do lugar.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista fai ao Grupo de Goberno o seguinte, ROGO

1.- Que se dé orde a quen corresponda, para efectuar a limpeza e solventar as deficiencias para a posta en funcionamento da Fonte do Touro.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que é un lugar ao que vamos casi tódolos anos e este ano non sei porqué nos quedou atrás, é inutilizar a fonte do Touro. O problema destas infraestructuras é que no seu momento non fomos, neste momento xa está arranxado e limpo, pero cando vostede sacou a foto todavía non fóramos. O problema deste é que, como antes decía, si non se utiliza e a xente non vai ao final se acaban descoidando, pero bueno, vamos tódolos anos e este ano aínda que un pouco tarde tamén fomos.

4º.- Rogo do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez. (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE), de data 19 de setembro de 2018 (rex entr. 19-09-2018, nº 13.486) do seguinte tenor:

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 84 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035
Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No lugar do Touro, DP-7307, a altura do punto quilométrico 1+120, están acontecendo múltiples accidentes de determinada consideración, algún de moita gravidade como ben recordamos; motivados a alta velocidade dos vehículos que por alí circulan.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, fai ao Grupo de Goberno o seguinte ROGO,

1.- Que por parte de quen corresponda que se fagan as actuacións necesarias para correxir esta incidencia, de cara a garantir as condicións de seguridade para viandantes e residentes da zona; con medidas de sinalización (redución de velocidade), e defensa, co fin de evitar danos irreparables.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que non constatamos ningún accidente ou incidente desde o mes de xaneiro. Ahí houbo moitos e houbo graves, ahí é unha zona que desgraciadamente, non hai lugar para o que é poñer un paso de peatóns, estaría moi peligroso pero, polo menos, que reduzan a velocidade, que poñan unha sinal de 30. De todas formas, suele ir habitualmente o noso radar, hoxe estivo alí; normalmente hai algún que se acorda da familia do Alcalde en días como hoxe. Entonces por alí, supoño que hoxe lle tocaría a algún.

5º.- Rogo da concelleira Almudena Basoco Mariño, (grupo m. PSdeG-PSOE), de data 11 de setembro de 2018 (rex entr. 11-09-2018, nº 13.117) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

ÚNICO.- Veciños e veciñas da rúa Alcalde Fernández Bermúdez queíxanse da escasa recolleita de lixo, especialmente nos fins de semana, e do escaso número de contedores asignados para materia orgánica, o cal provoca que gran cantidade de bolsas se depositen arredor, e á súa vez, da lugar a que o lixo se espaxe polo chan, cheiros, mala imaxe, etc.

Como dicimos, todo isto é consecuencia, ademais da escasa recolleita, do limitado número de contedores de residuos que están situados na zona para dar servizo a todas as vivendas existentes, as cales aumentaron considerablemente nestes últimos anos e que, non obstante, seguimos cos mesmos contedores que fai 10/20 anos. Tal e como se pode apreciar cas fotografías achegadas.

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 85 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035
Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Vendo que este problema persiste e que queremos solucións efectivas, o grupo municipal socialista presenta o seguinte ROGO:

- Que se coloque, a maiores e na mesma zona, un contedor de lixo orgánico.
- Que por parte do Concello de Ribeira se requira á empresa adxudicataria do servizo de limpeza a que realice as súas tarefas en condicións óptimas e, de ser o caso, que o faga con maior frecuencia á vista das necesidades existentes.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que como saben, houbo un retraso importante polas pretensións da empresa de cambiaron o que era o modelo de contenedores; xa fai unhas semanas que se lles dixo que ten que poñer os contenedores da oferta que lles fixo ganadores, polo tanto, no momento en que veñan, estamos falando de contenedores, os actuais de 700 litros, os novos pasan a 3.000, có cal a mellora xa vai a ser sustancial.

Por outra parte, decirlle que espero que o modificado que tuvo que face,r sobre todo, para o pilotaxe desa obra inacabada das aceras, pois, que tamén como máximo esta semana ou a que ven, puidera ir a Comisión, e polo tanto, continuar tamén a obra para arriba e rematala dunha vez.

6º.- Rogo da concelleira Elvira Blanco Pérez (grupo m. BNG), de data agosto de 2018 (rex entr. 29-08-2018, nº 12.496) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai uns anos, o tráfico que atravesa a avenida do Malecón está regulado mediante semáforos ao longo de todo o percorrido. O feito de que haxa semáforos cremos que é positivo porque aumenta a seguridade viaria, tanto para vehículos como para as e os viandantes e ademais contribúe a evitar atascos.

Desde o BNG lamentamos como, unha vez máis, a falta de mantemento brilla pola súa ausencia xa que non é inusual ver partes dos semáforo amarradas por cinta adhesiva ou fitas de plástico para evitar que se desprendan. O problema co mantemento aumenta e danse casos de que non é a primeira vez que faltan elementos do semáforo o que provoca riscos viarios innecesarios.

No Bloque recibimos queixas polo mal estado no que se atopa concretamente o semáforo que hai diante da oficina da Cruz Vermella e da oficina de turismo, pois fáltalle toda a parte de arriba o que provoca un risco para os vehículos que se achegan da zona da estación de autobuses.

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 86 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

En base ao anteriormente dito, en nome do BNG, solicito:

Que o Concello de Ribeira, manteña en bo estado os semáforos da avenida do Malecón, realizando os arranxos que sexan necesarios.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que os arranxos que se nos reclamaban na maioría dos casos están feitos, noutros casos, están pedidos presupostos, igual que están pedidos presupostos para trasladar o que se sacaron a outras zonas do municipio como pode ser ahí, onde está o Centenario.

7º.- Rogo do concelleiro Luís Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG), de data agosto de 2018 (rex entr. 07-08-2018) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ribeira está tendo moitos problemas circulatorios pois a situación que se vive no centro urbano, máis aló das celebracións, é a de rexistrar atascos continuos. Os atascos son produto da pouca planificación das obras que se realizan e tamén da ausencia de medidas que eviten os mesmos.

Desde o BNG tense posto enriba da mesa múltiples solucións que o goberno preferiu ignorar ou aceptar para logo non levar a cabo a súa implementación.

Alén dos problemas co tráfico, o BNG detecta problemas no referente ao estacionamento xa que hai poucas prazas e as “leira-párking” habilitadas están sen sinalizar e en mal estado con vexetación sen rozar, sen vixilancia, sen iluminación e cun firme deteriorado. A pesar de presentar iniciativas para mellorar estas zonas, a súa situación segue igual, nin tan sequera o goberno foi quen de ir rozar a vexetación.

Por todos estes problemas en nome do BNG solicítolle:

Que o goberno local convoque a Mesa de peonalización para abordar os problemas que rexistra o tráfico rodado en Ribeira e as posíbeis solucións para mellorar a circulación e os estacionamentos.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que levareino aos grupos e si o consideran os grupos na Xunta de portavoces que se reunan, pois, ningún inconveniente.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

8º.- Rogo da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR), de data 6 de setembro de 2018 (rex entr. 6-09-2018, nº 12.923) do seguinte tenor:

“O lado do Hospital do Barbanza, abriron unha pista que he utilizada por deportistas, andainas e por xente que ten que esperar no hospital. A poucos metros do inicio da pista hai unha zona, pequena pero moi bonita polas vistas e sobre todo por que está chea de castiñeiros, todavía en fase de crecemento pero que fan do lugar un sitio moi curioso. Tamén hai bancos e mesas de pedra pero eso seino porque mo dixeron e metínme dentro da maleza para chegar a eles, (se adxuntan fotos), parece que leva anos sin desbrozar nin cortar a herba. Tampouco superon decirme si esa área era feita polo Concello ou Comunidade de montes pero sexa de quen sexa non debe estar desa forma, e por eso é polo que se lle roga ó Sr. Alcalde o seguinte:

Que se limpe e manteña ben esa área de esparcemento.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que están limpas agora pero son da Comunidade, pero normalmente vai o Concello algunha vez, creo que xa está arranxado.

9º.- Rogo do concelleiro Luís Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG), de data setembro de 2018 (rex entr. 19-09-2018) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ribeira a través da Concellería de Deportes organiza o vindeiro sábado 29 de setembro a XXI edición da Carreira Popular de Santa Uxía que formará parte do VI Circuito Provincial de Carreiras Populares da Deputación da Coruña, así como do III Circuito de Carreiras Populares da Mancomunidade de Concellos de Arousa Norte.

A páxina web na que as persoas que desexen participar se inscriben ten como único idioma o castelán, impedindo deste xeito, que as persoas que desexen ollar a información sobre a carreira ou inscribirse en galego poidan facelo.

Cómpre lembrar que a imposibilidade de termos unha opción de galego na web contraviría a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística,

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 88 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

concretamente o artigo 2 recolle que "os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma ". Do mesmo xeito o artigo 25 da devandita lei estipula que "o Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras [...]".

No referente á deturpación do topónimo, o goberno local xa ten coñecemento suficiente de que se está a incumplir o artigo 10 e varios decretos polos que se establece que a única forma legal, oficial e válida é Ribeira e non Riveira*.

Por todo o anteriormente exposto, en nome do BNG, solicito:

Que o Concello de Ribeira vixie o cumprimento da Lei 3/1983 do 15 de xuño de normalización lingüística cando a veciñanza teña que inscribirse, ver información e outros datos de interese sobre eventos deportivos ou culturais en web's que non municipais para que sempre teñan opción de lingua galega.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que todo o que compete ao Concello e depende directamente do Concello está en galego. Cando un vai a inscribirse, a empresa que mellor funciona e que mais visitantes ten é Emesports, unha empresa de Ezequiel Mosquera, que foi ciclista profesional, que é o que organiza e colabora nestos eventos que o ten en castelán; o que lle podemos é reiterar ao Sr. Mosquera, pois, que si pode que faga tamén a páxina en galego. Sería tanto como excluír dunha contratación a unha empresa porque ten solo a web en castelán, entóns tampouco é posible, o único que podemos facer é reiterarlle que o arranxe.

10º.- Rogo do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez. (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE), de data 28 de xullo de 2018 (rex entr. 28-07-2018) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de marzo solicitaba o traslado do poste do tendido eléctrico da esquina da rúa da Cobasa coa rúa da Concha, así como un sinal de tráfico, STOP, como ben se apreciaba na que se achega:





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Pois ben, o poste do tendido eléctrico foi trasladado pola compañía suministradora, Gas Natural; quedando o sinal de tráfico municipal situado no medio da calzada.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, fai ao Grupo de Goberno o seguinte ROGO,

Que por parte de quen corresponda que se fagan as actuacións necesarias para correxir esta irregularidade e risco, trasladando de lugar o sinal de tráfico, co fin de evitar danos innecesarios.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que mandará á brigada municipal que o arranxe.

- Preguntas.

1º.- Pregunta do concelleiro Manuel Antonio García Pérez, (grupo m. PSdeG-PSOE), de data 21 de setembro de 2018 (rex entr. 21-09-2018, nº 13.605) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fai uns días varias persoas que teñen mascota, en concreto cans se dirixiron a este concelleiro protestando pola situación en que se atopa o parque canino situado na rúa do Barbanza.

Unha vez no lugar, púdoase comprobar ó lamentable estado no que se encontra dito parque.

Acompáñanse fotografías do parque que son bastante explícitas.

Fonte e abrebadeiro sen auga, óxidos, cheos de area; a falta de mantemento xeral e norma.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista fai as seguintes PREGUNTAS,

1.- ¿Ten pensado o Sr. Alcalde algunha medida para solucionar o problema?.

2.- O Concello ten que dar exemplo de pulcritude, ¿ou non?.”





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que a verdade é que necesita unha mellora da que xa se dou conta o que é a brigada de obras.

2º.- Pregunta do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez, (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE), de data 21 de setembro de 2018 (rex entr. 21-09-2018, nº 13.603) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fai uns meses foi alterado o viario de Aguiño no entorno da zona da Tasca, con rúas con sentido único, e sinalización de aparcamento.

Estas actuacións, ben recibidas en un principio, están a resultar embarazosas, en concreto na rúa do Carreiro.

O aparcamento en batería causa incomodidades á hora de intentar acceder aos garaxes existentes na citada vía. Realmente resulta casi imposible entrar na zona reservada (Vado), pese a realizar varias maniobras de aproximación, debido ao acentuado ángulo das liñas marcadas sesgadamente.

A este gran inconveniente, hai que engadir, que a acera queda inutilizada cando o vehículo estacionado e moi longo, ou arrima a roda traseira o bordillo; co cal inhabilita o paso pola beirarrúa, ao non quedar espazo entre o coche e o muro de peche (como se pode comprobar na fotografía anexa), perxudicando as persoas discapacitadas, e impedindo as cadeiras de rodas.

A maiores, o sinal de dirección prohibida non está colocado, entrando vehículos en sentido contrario (vista desde rúa Castelao).

Por estes motivos, desde o grupo municipal do PSdeG-PSOE, facemos as seguintes PREGUNTAS,

1. Sr. Alcalde, pode decirnos qué medidas pensa tomar para resarcir esta incómoda situación?.
2. Porqué motivo non se coloca o sinal de dirección prohibida na súa man correspondente.
3. Porqué non se contempla colocar os aparcamentos en liña, a ambos lados da vía, respectando os garaxes e entradas existentes?.”





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que a rúa do Carreiro en Aguiño, xa está dado orden de que o que é o tráfico continúe como actualmente, é decir, pola dirección que actualmente se fai tanto no Carreiro como en Mestre Sanz; eu creo que era necesario para evitar problemas, pero á vez a solución que se dou no Carreiro, pois, non foi axeitada porque a verdade é que vehículos ao tocar ca roda, pois, si quitan sitio na beirarrúa e que á vez non ganamos aparcamentos, parecía o mais axeitado unha vez que se cambiaron as direccións e, polo tanto, o que vamos a facer no Carreiro é votar o aparcamiento tradicional pero deixando as direccións como están a día de hoxe.

3º.- Pregunta do concelleiro Manuel Antonio García Pérez, (grupo m. PSdeG-PSOE), de data 21 de setembro de 2018 (rex entr. 21-09-2018, nº 13.607) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Varios veciños e usuarios dos Aparcamentos Disuasorios habilitados, en concreto os de Abesadas A – B e Caramcheiro, veñen trasladando a este Concelleiro o seu malestar.

As queixas consisten en que ditos aparcamentos non reúnen as condicións de uso axeitadas debido a un acabado inapropiado na finalización da obra.

Dito acabado está realizado en grava dun grosor esaxerado, na jparcela A; e de acabado en refugallo de pedra na parcela B.

Esta problemática da a entender o malestar dos usuarios.

En virtude do exposto, o Grupo Municipal Socialista fai as seguintes,

PREGUNTAS

1. Sr. Alcalde, foron rematadas, certificadas e recepcionadas as obras dos aparcamentos disuasorios?.
2. Pensa vostede facer algo para que o remate do firme dos aparcamentos sexa do agrado dos usuarios?.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que as obras dos aparcamentos Disuasorios de Caramcheiro, eso é unha obra que si non me equivoco está xa feita dende hai tempo; en Abesadas non está rematado, o que si están solicitados ás empresas que van a empezar agora a aglomerar as entradas de

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 92 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035

Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

todos eles. A limpeza xa saben que xa se fixo unha vez que se puido.

4º.- Pregunta do concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG), de data setembro de 2018 (rex entr. 19-09-2018) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A obra do Centro Social de Carreira foi realizada polos obradoiros de emprego Vionta e Tahúme. Rematados estes, o novo obradoiro cambiou a orientación dos seus proxectos, o que ten provocado a paralización total dos traballos quedando a obra a medio realizar. No pleno extraordinario do mes de xullo de 2016 no que se debatiron os orzamentos do concello para este ano ía consinado un investimento de 266.377 € cuxo fin era rematar as instalacións así como a urbanización exterior do centro. A día de hoxe segue sen executarse dita partida do orzamento. A instalación construída continúa deteriorándose.

Por iso, o grupo municipal do BNG de Ribeira, PREGUNTA

- Mantén o goberno de Ribeira os plans de rematar a obra, tan demandada pola parroquia, e cando se retomará a súa construción?. Cando se prevé rematala?.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que un dos problemas que ten universalizar a contratación de obras é que a unha parroquia como Carreira non lle pode vir unha empresa de Sevilla, neste caso, ganou unha empresa de Sevilla, eu non teño nada en contra nin dos sevillanos nin das empresas de Sevilla, pero Carreira conóceno mais ben pouco; que pasou?, esa obra cando se vai ao replanteo de inicio de obra, non está como se lle dixo que tiña que estar e é o que se contratou porque houbo actos vandálicos, polo tanto, a empresa no seu momento se negou a firmar o replanteo e empezar a obra.

Nestos momentos, esta mesma semana xa empezan o que é a colocación de alarmas alí, e o vallado xa se mellorou para que non haia ningún desperfecto mais; está contratado o que é a mellora da iluminación dos desperfectos que se fixo, e está contratado o que é o aluminio, que tamén si non me equivoco, foi a empresa Digar a que ganou, polo tanto, eu calculo que nun prazo de 2 ou 3 semanas, o que é o estado inicial da obra é o mesmo que no seu momento tiña coñecemento a empresa ofertante, có cal, despois da última reunión que tivemos có Director de obras, con Angel Cid, o que esperamos é que tamén nun prazo de 3 semanas - un mes, comence a finalización desa obra, e si non me equivoco, non tiña moitos meses para a súa finalización.

Pleno 24 de Setembro de 2018

Página 93 de 96



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E2000449CB00S2S8P3O4L9M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/10/2018 11:52:36

DOCUMENTO: 20180281035
Fecha: 29/10/2018
Hora: 11:52





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

De todas formas, seguramente, haberá algún modificado para encaixar o modificado, en todo caso, de urbanización exterior para buscar a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida.

5º.- Pregunta da concelleira Almudena Basoco Mariño, (grupo m. PSdeG-PSOE), de data 18 de setembro de 2018 (rex entr. 18-09-2018) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Varios estudantes queixáronse de que o pasado día 3 de setembro de 2018 rematou o período de realización de matriculas dos estudos universitarios e as clases xa comezaron o pasado día 10 de setembro; non obstante, os bonos de transporte para estudantes non se empezaron a expedir dende o Concello ata o día 15.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, fai a seguinte PREGUNTA:

- A) A que se debe este retraso na venda por parte do Concello dos bonos de transporte?.
- B) É posible que para o vindeiro curso se poidan axilizar os trámites e se lles abonen con certa antelación, sen ter que causar maiores gastos ós estudantes?.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que ahí supoño que vostede está falando do transporte universitario, eu espero que esta semana se resolucione xa un deles que é o transporte universitario a Santiago, que ten unha rebaixa do 50%, e os outros dous a verdade, que si se retrasou é porque queremos aumentar e firmar ca empresa o que é o aumento da bonificación, non sei porqué a empresa Freire, que é a que vai a Lugo, e a empresa Monbus que é a que vai a Vigo, ao final a axuda do Concello é menor que a outra, entón o que se intenta é mellorar, subir o que é a aportación do Concello para intentar igualar a lo menos a outra; creo que algunha non chegaba ao 35 que era o máximo; si podemos chegamos a todo ao 50, foi o que se lle propuxo á empresa, e a empresa, bueno, solo ten que aceptalo porque o que fai ese esforzo é o Concello e non eles que xa o fan por outra parte. Entón esa foi a razón de que se retrasara mais da conta e espero que en Comisión de Goberno cando menos este xoves xa aprobemos unha parte deles, e cando as empresas den o visto bó, esperemos que entre tanto Lugo como Vigo, pois, con mellores prestacións que as que temos hoxe en día.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

6º.- Pregunta do concelleiro Luís Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG), de data agosto de 2018 (rex entr. 27-08-2018, nº 12.385) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Veciños e veciñas das rúas Clara Campoamor e avenida da Coruña en Ribeira ou Celeiráns en Aguiño téñenlle trasladado ao BNG o seu malestar pola baixa presión no servizo de traída de auga durante días.

O goberno municipal do Concello de Ribeira debería vixiar a calidade do servizo que lle presta á veciñanza para evitar as molestias como as ocasionadas ás persoas que viven nestas zonas porque a presión era tan baixa que, segundo nos comentaron, apenas daba para poder ducharse e mesmo había caldeiras que non entraban en funcionamento.

Desde o BNG entendemos que este é un servizo fundamental que debe ter un correcto funcionamento en todo momento, agás casos puntuais de avarías ou rompeduras de tubaxes, polo que instamos a que se coide a súa prestación.

Ante esta situación, en nome do BNG, realizo a seguinte pregunta:

1. Ten coñecemento o goberno local de que hai zonas do municipio que padecen momentos de baixa presión na traída de auga?
2. Que pensa facer o Concello de Ribeira para asegurar un correcto funcionamento e calidade neste servizo?.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que sí é verdade que no verán tivemos unha demanda excesiva de auga e os problemas sempre se producen no mesmo sitio, donde é final de línea ou ben en zonas altas, entón, eso é algo que moita xente, abrindo en determinadas horas puntas cando un ven da praia, a ducha, os que están no 6º piso igual non lle chega nese momento, ou en zonas altas como o Monumento, con menos presión, e mesmo o que está ao final da línea, si os que están antes demandan moita auga temos ese problema. Estamos intentando solucionar ca presión da auga do Ulla, que chega dende unha altura maior e cambiando no que se pode o cemento polo polietileno. Agora, acabamos en Aguiño, temos aprobada a Mámoa, temos aprobada Fernández Bermúdez, pero é un problema deso, os puntos altos non se lle pode dar mais caña porque reventarían as tuberías, e sin dar caña si hai mais demanda, pois, non lle chega aos pisos altos.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/ Secretaría Xeral/ Juan Manuel Salguero del Valle

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vinte e tres horas, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 24 de setembro de 2018

O Alcalde.

Dou fe. O secretario xeral.

Manuel Ruiz Rivas.

Juan Manuel Salguero del Valle.

